

Curso Os labores de asesoramento nun SNL/SL: novas propostas de traballo

Módulo práctico Axuda informática para o asesoramento lingüístico

Este curso celebrouse os días 3 e 4 de outubro de 2003

en Santiago de Compostela

Autora: Ana Hermida Ruibal http://www.anahermida.com

Índice

1. Introdución	5
2. Edición de textos	6
2.1. Selección rápida de texto	6
 2.2. Teclas rápidas	6 6 7 7 7 7 7 7 7 7 7 7 7 7 7
 2.3. Caracteres especiais	8 9 9 9
2.4. Creación de índices	9
2.5. Táboas de contido	10
2.6. Creación de macros	13
2.7. Función de buscar e substituír	16
2.8. Hifenizador	17
2.9. Outras funcións	18
3. Correctores ortográficos	19
 3.1. Correctores ortográficos de galego	19 19 19 20 20 20 20 20 20 21 21
3.2. Outros correctores ortográficos	21

3.3. Opcións do corrector ortográfico 2.mil	21
3.4. Outras opcións	24
3.5. Barra de ferramentas de revisión do Word	24
4. Tradutores automáticos	27
4.1. Que son?	27
4.2. Tradutores automáticos de galego	27
4.2.1. OpenTrad	27
4.2.2. Paxariña	28
4.2.3. Por2Gal	28
4.2.4. Haduza-g	28
4.2.6. Tradutor A Taiga	30
4.2.7. Proxecto Rianxo	30
4.3. Táboa comparativa de tradutores automáticos de galego	32
4.4. Outros tradutores automáticos	33
4.4.1. BabelFish	33
4.4.2. WorldLingo	33
4.4.3. AIS	34
4.4.4. Internositum	54
4.4.6. Instituto Cervantes	34
4.4.7. Systran	34
4.4.8. Reverso	35
4.4.9. FreeTranslation	35
4.4.10. Language Tools – Google	35
5. Recursos terminolóxicos	37
5.1. Algunhas recomendacións para buscar terminoloxía multilingüe	40
5.1.1. Microsoft	40
5.1.2. EUR-Lex	43
6. Outras aplicacións electrónicas	49
7. Roldas de correo	52
8. Memorias de tradución	54
8.1. Que son?	54
8.2. Algunhas siglas	55
	55
8.3. Algúns conceptos	56
8.3. Algúns conceptos 8.4. Principais memorias de tradución do mercado	56 56
8.3. Algúns conceptos 8.4. Principais memorias de tradución do mercado 8.4.1. Translation Workbench	55 56 56
 8.3. Algúns conceptos 8.4. Principais memorias de tradución do mercado 8.4.1. Translation Workbench	56 56 56 57

8.4.4. WordFast	58
8.4.5. SDLX Translation Suite	. 59
8.4.6. MultiTrans	60
8.4.7. Wordfisher	. 60
8.4.8. OmegaT	. 61
8.4.9. Metalexis	. 6I
8.4.10. FUSION	. 01 62
8.4.12 Logiterm	62
8.4.13. ForeignDesk	. 62
8.4.14. Heartsome	. 62
8.4.15. Translator's Intuition	62
8.4.16. Lingotek	. 63
8.4.17. Logoport	. 63
8.4.18. TRANS Suite 2000	. 63
o.4.19. Translation Manager	. 04
8.5. Estudos comparativos	64
8.6. Wordfast	65
8.6.1. Instalación do Wordfast: Instalación automática	65
8.6.2. Instrucións de uso básicas	. 66
9. Recuperación de información	68
9. Recuperación de información	68 68
 9. Recuperación de información 9.1. Windows 9.2. Total Commander 	68 68 68
 9. Recuperación de información	68 68 68 68
 9. Recuperación de información	. 68 68 68 68 68 . 68
 9. Recuperación de información	. 68 . 68 . 68 . 68 . 69
 9. Recuperación de información	. 68 68 68 68 68 . 69 69
 9. Recuperación de información	. 68 68 68 68 . 69 69 69
 9. Recuperación de información	. 68 68 68 68 68 69 69 69 69
 9. Recuperación de información 9.1. Windows 9.2. Total Commander 9.3. InfoRapid Search & Replace 10. Outras ferramentas para a tradución 10.1. CatsCradle 10.2. WebBudget 10.3. Across 10.4. Olifant 10.5. Xbench 	. 68 68 68 68 69 69 69 69 69 70
 9. Recuperación de información	. 68 68 68 69 69 69 69 69 70 70
 9. Recuperación de información	. 68 68 68 69 69 69 69 69 69 70 70 70 70

1. INTRODUCIÓN

Este traballo é a versión ampliada e mellorada dos apuntamentos do módulo práctico denominado «Axuda informática para o asesoramento lingüístico» inserido no curso «Os labores de asesoramento nun SL/SNL: novas propostas de traballo», organizado pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua e celebrado os días 3 e 4 de outubro de 2003 en Santiago de Compostela.

O obxectivo das seguintes páxinas é presentar ferramentas informáticas de apoio ao asesoramento lingüístico (memorias de tradución, correctores ortográficos, tradutores automáticos, opcións avanzadas do Word, recursos terminolóxicos, roldas de correo, etc.; todos eles céntranse nas combinacións lingüísticas que teñan o galego como lingua orixinal ou lingua termo) que permitan aumentar as utilidades do traballo de asesoramento de maneira que o tempo que sexa preciso seguir dedicando a esa vertente adquira unha rendibilidade maior, sen diminuír a calidade. Isto permitirá liberar tempo para o dedicar a actividades máis rendibles dende o punto de vista da normalización, como a formación e dinamización, que son labores propios dos SL/SNL.

Alén dos traballadores de SL/SNL, este traballo tamén pode resultar útil a tradutores profesionais, licenciados e licenciandos en tradución e interpretación e a persoas que traballen a cotío coa lingua galega na súa vertente escrita.

Aínda que xa existe o Office en galego (véxase §5.1.1), as capturas dos menús e o nome dos mesmos corresponden aos resultantes após a aplicación da macro TradWordGal (véxase §6), que traduce para o galego os menús do Word 97 e Word 2000. Non sei empregou a terminoloxía do Office en galego xa que neste curso da CTNL se usou a macro TradWordGal, pois aínda non se publicara a versión galega do Office 2003.

As capturas de pantallas de produtos de Microsoft foron reproducidas co permiso de Microsoft Corporation. Todas as marcas e capturas de pantallas que se inclúen neste traballo pertencen aos seus propietarios.

Neste traballo quero deixar constancia do meu agradecemento á CTNL por me brindar a oportunidade de pasar por esta proveitosa experiencia e polo apoio que me deu en todo momento e, dun xeito especial, a Xusto Rodríguez Río, polos seus enfoques e orientacións iniciais sobre o curso. O meu agradecemento tamén á xente de Reverso Servizos Lingüísticos, polas claras explicacións ás miñas inquedanzas sobre o traballo nos SNL en Galicia, en especial a Ana Domínguez Salgado, compañeira de fatigas, polo seu apoio incondicional (e moral!); e xa por último, mais non por iso menos importante, o meu agradecemento ao profesor Xavier Gómez Guinovart, da Universidade de Vigo, e a Danilo Nogueira, polos seus comentarios.

Os enderezos web que figuran nas seguintes páxinas comprobáronse por última vez o 20 de agosto de 2005.

2. EDICIÓN DE TEXTOS

Neste apartado indícanse diversas opcións avanzadas do procesador de textos Word integrado no paquete Office de Microsoft. As capturas de pantalla e os nomes das opcións pertencen ao Word 2000, que foi o procesador de textos empregado no curso.

A continuación, indícanse algúns métodos rápidos de levar a cabo determinadas tarefas no procesador de textos Word.

2.1. Selección rápida de texto

Velaquí algúns métodos rápidos para seleccionar texto en Word:

- Ao premer co rato <u>dúas veces</u> sobre unha palabra, selecciona esa palabra.
- Ao premer co rato <u>tres veces</u> sobre un parágrafo, selecciona ese parágrafo.
- Ao premer co rato <u>unha vez</u> na marxe esquerda dun documento, selecciona esa liña.
- Ao premer co rato <u>dúas veces</u> na marxe esquerda dun documento, selecciona ese parágrafo.
- Ao premer co rato <u>tres veces</u> na marxe esquerda dun documento, selecciona todo o texto do documento.

2.2. Teclas rápidas

Debaixo indícanse algúns métodos rápidos para levar a cabo determinadas tarefas no Word:

2.2.1. Teclas de función

F1: Obter Axuda en pantalla do Axudante do Office

F2: Mover texto ou gráficos

F3: Inserir un elemento de Autotexto (despois de que o Word amose o elemento)

F4: Repetir a última acción

F7: Escoller a opción Ortografía e gramática (menú Ferramenta)

- F8: Estender unha selección
- F10: Activar a barra de menús
- F11: Ir ao campo seguinte
- F12: Escoller a opción Gardar como (menú Ficheiro)

2.2.2. MAIÚS+Tecla de función

MAIÚS+F1: Iniciar a axuda sensible ao contexto ou amosar o formato MAIÚS+F2: Copiar texto

MAIÚS+ F3: Aplica maiúsculas ou minúsculas ou só maiúscula á primeira letra de cada palabra do texto seleccionado. Función tamén dispoñible no **Formato** > **Cambiar maiúsculas e minúsculas**.

MAIÚS+F8: Reducir unha selección MAIÚS+F10: Amosar un menú contextual MAIÚS+F11: Ir ao campo anterior MAIÚS+F12: Escoller a opción Gardar (menú Ficheiro)

2.2.3. CTRL+Tecla de función

CTRL+F4: Pechar a xanela CTRL+F5: Restablecer o tamaño da xanela do documento CTRL+F6: Ir á seguinte xanela CTRL+F12: Escoller a opción Abrir (menú Ficheiro)

2.2.4. CTRL+MAIÚS+Tecla de función

CTRL+MAIÚS+F6: Ir á xanela anterior CTRL+MAIÚS+F12: Escoller a opción Imprimir (menú Ficheiro)

2.2.5. ALT+Tecla de función

ALT+F1: Ir ao campo seguinte
ALT+F4: Saír do Word
ALT+F7: Buscar o seguinte erro de ortografía ou gramatical. Cómpre que a caixa de verificación Revisar ortografía mientras escribe estea activada (menú Ferramenta > Opcións > Ortografía y gramática).
ALT+F8: Executar unha macro
ALT+F10: Maximizar a xanela do programa

2.2.6. ALT+MAIÚS+Tecla de función

ALT+MAIÚS+F1: Ir ao campo anterior ALT+MAIÚS+F2: Escoller a opción Gardar (menú Ficheiro)

2.2.7. CTRL+ALT+Tecla de función

CTRL+ALT+F1: Amosar a Información do sistema de Microsoft CTRL+ALT+F2: Opción Abrir (menú Ficheiro)

2.2.8. Crear, ver e gardar documentos

CTRL+U: Crear un novo documento do mesmo tipo que o documento actual ou máis recente CTRL+A: Abrir un documento

CTRL+R: Pechar un documento

ALT+CTRL+V: Dividir a xanela de documento

ALT+MAIÚS+C: Quitar a división da xanela de documento

CTRL+G: Gardar un documento

2.2.9. Buscar, substituír e examinar texto

CTRL+B: Buscar texto, formato e elementos especiais ALT+CTRL+Y: Repetir a busca (despois de pechar a xanela Buscar y reemplazar) **CTRL+L**: Substituír texto, formato específico e elementos especiais **CTRL+I**: Ir a un marcador dunha páxina, nota ao pé, táboa, comentario, gráfico ou outra posición

ALT+CTRL+Z: Volver a unha páxina, marcador, nota ao pé, táboa, comentario, gráfico ou outra posición

ALT+CTRL+INICIO: Examinar un documento

2.2.10. Cambiar a outra vista

ALT+CTRL+D: Pasar á vista Deseño de impresión ALT+CTRL+N: Pasar á vista Normal ALT+CTRL+A: Inserir un comentario CTRL+MAIÚS+E: Activar ou desactivar o control de cambios INICIO: Ir ao principio dun comentario FIN: Ir ao final dun comentario CTRL+INICIO: Ir ao principio da lista de comentarios CTRL+FIN: Ir ao final da lista de comentarios

2.2.11. Outras accións

ALT+CTRL+K: Hiperligazón

CTRL+MAIÚS+BARRA ESPAZADORA: Crear un espazo duro (ou espazo de non separación) se se require que dúas ou máis palabras situadas ao final dunha liña aparezan sempre xuntas

CTRL+GUIÓN: Crear un guión de non separación. Se se escribe un guión normal ao final dunha liña e despois mudamos o texto e, por conseguinte, o sitio do guión na liña, o guión aparece no medio da liña. Con esta opción, o guión queda invisible

CTRL+C: Copiar o texto ou obxecto seleccionado

CTRL+D: Aliñar texto á dereita

CTRL+E: Seleccionar todo

CTRL+J: Xustificar texto

CTRL+K: Aplicar/Quitar cursiva ao texto seleccionado

CTRL+N: Aplicar/Quitar negra ao texto seleccionado

CTRL+P: Imprimir

CTRL+Q: Aliñar texto á esquerda

CTRL+S: Aplicar/Quitar subliñado ao texto seleccionado

CTRL+T: Centrar texto

CTRL+V: Pegar texto ou un obxecto

CTRL+X: Cortar o texto ou obxecto seleccionado

CTRL+Y: Refacer a última acción

CTRL+Z: Desfacer a última acción

CTRL+MAIÚS+< (ou CTRL+>): Diminuír o tamaño do tipo de letra do texto seleccionado

CTRL+MAIÚS+> : Aumentar o tamaño do tipo de letra do texto seleccionado

CTRL+BARRA ESPAZADORA: Eliminar o formato do texto seleccionado ESC: Cancelar unha acción

2.3. Caracteres especiais

Neste apartado indícanse varios xeitos de inserir determinados caracteres especiais no programa Word. Algúns destes métodos tamén se poden empregar noutros programas, alén do Word.

2.3.1. Símbolo do euro [€].

Pódese escribir o símbolo da moeda europea de varios xeitos:

- Seleccionando Inserir > Símbolo
- Premendo nas teclas ALT+0128 (coa tecla Bloq Num activada e sen soltar a tecla ALT). Cómpre empregar un tipo de letra que inclúa o símbolo do euro.
- Premendo en:
 - ALT GR+E
 - ALT GR+5
 - CTRL+ALT+E
 - CTRL+ALT+5

2.3.2. Vogais nasalizadas existentes no alfabeto portugués [ã, õ, Ã, Õ].

Existen varios xeitos de inserilas nun documento:

- Premendo primeiro en ALT GR, a seguir na tecla 4 (no teclado normal, non no numérico), sen deixar de premer en ALT GR.
 Despois deixan de se premer estas dúas teclas e prémese na vogal desexada
- Coa combinación de teclas ALT+teclado numérico. Mentres se premen nos números do teclado numérico, cómpre que a tecla ALT estea tamén premida. Cómpre que estea activada a opción Bloq Num do teclado numérico:
 - ALT+0227 = ã
 - ALT+0245 = õ
 - ALT+0195 = Ã
 - ALT+0213 = Õ

2.3.3. Outros caracteres especiais

Seleccionar Inserir > Símbolo > Símbolos ou Caracteres especiales

2.4. Creación de índices

Para crear un índice, en primeiro lugar, cómpre marcar as entradas do documento que se queren incluír no índice, como, por exemplo, palabras, frases ou símbolos. Existen dúas maneiras de marcalas:

Seleccionando a palabra/frase/símbolo que se desexe marcar e, a seguir, seleccionar Inserir > Índice e táboas > Marcar entrada > Marcar. Repetir esta operación con tantas entradas como se desexen incluír no índice.

Ou

 Seleccionando as palabras/frases/símbolos que se desexan marcar e premer nas teclas ALT+MAIÚS+E. Unha vez marcadas todas as entradas, situamos o cursor no punto do documento onde queremos que nos insira o índice (normalmente ao final do ficheiro), seleccionamos **Inserir** > Índice e táboas > e ábrese a seguinte xanela (se non abre no separador Índice, cómpre seleccionala):

Índice y tablas						? ×
Ín <u>d</u> ice Tabla d	e co <u>n</u> tenido	Tabla de i <u>l</u> ustrac	iones Ta	<u>bl</u> a de autoridade	s	
<u>Vi</u> sta preliminar			T '	6	- C	
Aristoteles, 2 Asteroide, <i>Ve</i>	: é <i>ase</i> Júpite	er 🛱	Tipo:	• Con <u>s</u> an	gria U Continuo	
Atmósfera		-	Columnas:	2		
Tierra	л		Taioma:	Espanol (Es	ipana - alfabi inte	ernacional) 🗾
ionosfer	ч, 4 °а, 3					
	· • •					
🗖 Alinea <u>r</u> númer	os de página a	la derecha				
Carácter de reller	io:	*				
Eormatos: Estile	personal	•				
		M	larcar <u>e</u> ntra	da Autom	arcar	Modificar
					Aceptar	Cancelar
			-:	4		

Figura 1

Nesta xanela existen varias opcións de formato (aliñar números de páxina á dereita, escoller entre varios estilos predefinidos, número de columnas, etc.). Realizar a escolla e, para rematar esta operación, premer no botón **Aceptar**.

2.5. Táboas de contido

Para crear unha táboa de contido, en primeiro lugar, téñense que aplicar os estilos de título (**Título 1** a **Título 9**) aos títulos que se desexen incluír na táboa (o **Título 1** será o título de nivel máis alto xerarquicamente; por exemplo, 1.; o **Título 2** será o título inmediatamente inferior xerarquicamente; por exemplo, 1.1.; e así sucesivamente). Para ese efecto, cómpre seleccionar o texto ao que se lle desexa aplicar o estilo de título e premer no título correspondente, no menú despregable situado na barra de ferramentas, como na figura 2.

<u>A</u> rchivo <u>E</u> dición ⊻er <u>I</u> nsertar <u>F</u> ormato	<u>H</u> erramie
pindependiente 👻 Times New Roman 👻	12 🗸
TDC 7	■ ¶ ▲ 12 pto
TDC 8	≕ ¶ 12 pto
TDC 9	≕ ¶ 12 pto
Texto comentario	≕ ¶ 10 pto
Texto de globo	≡ ¶ 8 pto
Texto en negrita	≣ā
Texto independiente	■ ¶ 12 pto
Texto independiente 2	≡ ¶ 10 pto
Texto nota pie	≕ ¶ 10 pto
TÍTULO 1	≕ ¶ 16 pto
Título 2	≕ ¶ 14 pto
Figura 2	

Unha vez aplicados os estilos, cómpre seleccionar **Inserir** > **Índice e táboas** e premer no separador **Tabla de contenido**.

Índice y tablas	<u>? ×</u>
Índice Tabla de contenido Tabla de ilustra	ciones Ta <u>bl</u> a de autoridades
<u>V</u> ista preliminar	Vista previa de <u>W</u> eb
Título 11 📥	Título 1
Título 2	Título 2
Título 35	Título 3
	<u>- 11010 5</u>
•	
Mo <u>s</u> trar números de página	
🔽 Alinea <u>r</u> números de página a la derecha	
Carácter de relleno:	
General	
Eormatos: Estilo personal	Mostr <u>a</u> r niveles: 3
	Opciones Modificar
	Aceptar Cancelar

Figura 3

Nesta xanela (figura 3) pódese escoller un deseño, amosar o número de páxina, aliñar números de páxina á dereita, pór un carácter de recheo, amosar ata un número de niveis determinado, etc. Tras facer a escolla, cómpre premer en **Aceptar** para xerar a táboa de contido. Cando xere a táboa de contido, Word procurará os títulos que teñan os estilos especificados, ordenaraos segundo o nivel do título, fará referencia aos seus números de páxina e amosará a táboa de contido no documento (figura 4).

1.	Edición de textos	2
	1.1. Selección rápida de texto	2
	1.2. Teclas rápidas	2
	1.3. Caracteres especiais:	3
	1.4. Creación de índices	3
	 Táboas de contido 	4
	1.6. Creación de macros	б
	1.7. Documentos mestres e índices remisivos	б
	1.8. Función de buscar e substituír	7
	1.9. Outras opcións	7
	1.9.1. Hifenizador	7
2.	Correctores ortográficos	8
	2.1. Correctores ortográficos de galego	8
	2.2. Outros correctores ortográficos	9
	2.3. Opcións do corrector ortográfico 2.mil	9
	2.4. Outras opcións	10
	2.5. Barra de ferramentas de revisión do Word	11
3.	Traductores automáticos (TA)	12
	3.1. ¿Que son?	12
	3.2. Traductores automáticos de galego	12
	3.3. Outros traductores automáticos	15
4.	Recursos terminolóxicos	16
5.	Outras aplicacións	18
б.	Memorias de traducción	20

Figura 4

Unha vez creada a táboa de contido, pódese empregar para se desprazar axiña a un título en pantalla, como as áncoras dos ficheiros en formato HTML. Ao premer en calquera número de páxina da táboa de contido, o cursor desprázase ao título correspondente do documento.

Se se preme co botón dereito do rato enriba da táboa de contidos, ábrese a seguinte xanela:



Para actualizar os campos (ben só os números de páxina, ben toda a táboa), cómpre premer na opción **Actualizar campos**. Se hai que modificar o índice (para traducilo ou corrixilo), nunca se debe escribir nel directamente: cómpre facelo mediante a opción **Actualizar campos** > **Actualizar toda la tabla** (figura 6).



Figura 6

2.6. Creación de macros

As macros permiten automatizar tarefas repetitivas. Unha macro consiste nunha serie de instrucións (comandos) e accións que se almacenan asociadas a un nome. Unha vez que se grava unha macro, pode executarse para que realice todas as accións e instrucións que están gravadas na macro.

Existen dous tipos de macros:

- o de teclado
- o de barra de ferramentas.

Para crear unha <u>macro de teclado</u>, cómpre seleccionar **Ferramenta** > **Macro** > **Gravar macro nova**. Ábrese a seguinte xanela:

Grabar macro	? ×
Nombre de macro: Macro6 Asignar macro a Barras <u>T</u> eclado	Aceptar Cancelar
Todos los documentos (Normal.dot)	•
Descripción: Macro grabada el 03/10/2003 por Ana	

Figura 7

- Escóllese o nome da macro (enriba á esquerda)
- No menú despregable, escóllese onde se quere almacenar a macro: no modelo normal.dot ou no documento
- En **Descripción**, escríbese o texto descritivo da macro.
- A seguir, prémese en **Teclado** e despois en **Aceptar**. Abrirase a seguinte xanela:

Personalizar teclado		<u>?</u> ×
Categorías: Macros	Comandos:	of Cerrar
	2	Asignar Quitar
<u>N</u> ueva tecla de méto	do abreviado: Teclas acti <u>v</u> as:	Restablecer todo
Descripción		Guardar cambios en:
	Figura 8	

 Premer na secuencia de teclas ás que se lle quere asignar esta macro, como na figura 9.

ersonalizar teclado		?
Categorías:	C <u>o</u> mandos:	Cerrar
Macros		
		Asignar
	v	Quitar
Nueva tecla de métor	lo abreviado: Teclas acti <u>v</u> as:	Restablecer todo
Asignada a:		<u> </u>
Normal.NewMacros	Macro3	-
Descripción		
		<u>G</u> uardar cambios en:
		Normal.dot 🔹
	Figure	2.0



- Logo, cómpre premer en **Asignar** e, a seguir, en **Cerrar** para comezar a gravar a macro.
- Aparecerá a seguinte xaneliña da captura e unha cinta de casete.



- Agora cómpre efectuar as accións que se desexen incluír na macro. A gravadora de macros non pode gravar accións do rato na xanela do documento. Para rexistrar accións como copiar ou seleccionar, cómpre empregar o teclado.
- Para parar a gravación, cómpre premer na icona cadrada da xaneliña
 (deter a gravación).

 Para crear unha <u>macro de barra de ferramentas</u>, cómpre seleccionar Ferramenta > Macro > Gravar macro nova. Ábrese a seguinte xanela:

Nombre de macro: Macro6	Aceptar
Asignar macro a <u>Barras</u> <u>Teclado</u>	Cancelar
Todos los documentos (Normal.dot)	•
Descripción: Macro grabada el 03/10/2003 por Ana	

Figura 11

- Escóllese o nome da macro (enriba á esquerda)
- No menú despregable, escóllese onde se quere almacenar a macro: no modelo normal.dot ou no documento
- En **Descripción**, ten que inserirse un texto descritivo da macro.
- Para asignar a macro á barra de ferramentas, premer en Barras e despois en Aceptar. Abrirase a seguinte xanela:

Personalizar	? ×
Barras de herramientas Comandos Opciones	
Categorías: Comandos:	
Macros	×
Comando seleccionado:	
Descripción Modificar selección 👻	
Guardar en: Normal.dot	rrar

Figura 12

- Arrastrar o comando Normal.NewMacros.MacroX (sendo X un número) ata a barra de ferramentas; premendo no botón dereito do rato, pódese mudar a imaxe, o texto, etc.
- A continuación, abrirase a xaneliña de debaixo e aparecerá unha cinta de casete que indica que comezou a gravación da macro.



- Agora cómpre efectuar as accións que se desexen incluír na macro. Por exemplo, crear unha táboa de 2x2, coa icona a da barra de ferramentas e seleccionando 2 fileiras e 2 columnas.
- Para parar a gravación, cómpre premer na icona cadrada da xaneliña
 (deter a gravación).
- A partir de agora, cada vez que se queira inserir unha táboa con estas características (2x2), só hai que premer no botón Normal.NewMacros.MacroX (Normal.NewMacros.Macro1, Normal.NewMacros.Macro2, ou co nome que se gravase) da barra de ferramentas.

A lista de macros gravadas está dispoñible en Ferramenta > Macro > Macro.

Rodríguez Río (2002:214) tamén trata o tema da creación de macros. Así mesmo, Tanya Harvey Ciampi, tradutora inglesa, creou unha moi interesante páxina web dedicada a macros do Word para tradutores. Está dispoñible en http://web.ticino.com/multilingual/ms_word_macros_for_translators.htm e http://tinyurl.com/4zzxm/.

2.7. Función de buscar e substituír

Esta función serve para buscar ou substituír nun documento unha determinada cadea de caracteres por outra. Accédese a ela seleccionando **Edición > Procurar** ou **Substituír**.

Unha vez seleccionada esta función, ábrese a unha xanela. Se se preme no botón **Más**, ábrese a seguinte xanela (figura 14), con opcións avanzadas:

Buscar y reemplazar	<u>? ×</u>
Buscar Reemplazar Ira	
B <u>u</u> scar: acta	
	Menos ± Buscar siguiente Cancelar
Opciones de búsqueda	
Buscar: Todo 💌	
Coincidir ma <u>v</u> úsculas y minúsculas	
Usar caracteres completas	
Suena <u>c</u> omo	
Todas las formas de la palabra	
Buscar	
<u> </u>	Especial - Sin Formato

Figura 14

Dende esta xanela pódense empregar caracteres comodín (premer en **Usar** caracteres comodín). O asterisco [*] equivale a un ou varios caracteres, sexan cales foren; o signo de interrogación [?] equivale a só un carácter, sexa cal for. Así, pódense facer pescudas de pronomes enclíticos e proclíticos, segundas formas do artigo, etc.

Dentro deste mesmo menú, se se preme en **Formato** ou **Especial**, obtemos moitas máis opcións avanzadas de busca/substitución.

Finalmente, en http://www.accurapid.com/journal/15msw.htm, Környei (2001) ensina algúns trucos da función avanzada de **Buscar** e **Substituír** (*Find* & *Replace*, en inglés) do Word.

2.8. Hifenizador

Esta función serve para guionizar os textos nos finais de cada liña. Para activala, cómpre seleccionar **Ferramenta > Idioma > Guións**.

A seguir, aparecerá o seguinte menú:



Figura 15

Neste menú pódese escoller a división automática de palabras, a división por palabras maiúsculas ou a división manual de guións:

- Se se escolle a división automática, o hifenizador separará automaticamente as palabras en final de liña;
- Se se escolle a división manual, iranos preguntando cál é a división que desexamos aplicar a unha palabra determinada.

2.9. Outras funcións

Nas seguintes páxinas web, pódese consultar documentación con información sobre atallos e outras opcións (menos e máis avanzadas) do Word:

- Curso de Word por José Manuel Rodenas: http://www.odon.uba.ar/asi/tutoriales/word.pdf
- Estilos, Índices e Modelos do Microsoft Word (Departamento de Informática da Universidade de Évora, en Portugal): http://www.di.uevora.pt/~pp/2002-s1/intr_info/estilos.doc
- Manual de Microsoft Word 97 por Paco Medina: http://www.fuerteventuranet.com/manualWORD.htm
- Atajos de teclado para el procesador de textos de Office (Qualitas Management): http://www.qualitas.es/manuales/HOJAword.PDF
- Microsoft Word XP (Centro de Tecnología Informática, Universidad de Navarra): http://www.unav.es/cti/manuales/WordXP/indice.html
- Resumen Microsoft Word (Parte I), por Antonio Martín Morales: http://usuarios.lycos.es/antoniociclos/ResumenWord1.doc
- Comandos de accesibilidad a Word, por Vanessa Fuentes: http://es.geocities.com/vanfuentes_h/teclas_de_acceso.htm
- Word 2000, por Tecnologías de la Información San Sebastián: http://www.tiss.es/apuntes/tiss_Word_2000.PDF
- Aprenda Microsoft Word 2000 (Escuela Superior de Ingenieros Industriales, Universidad de Navarra): http://mat21.etsii.upm.es/ayudainf/ aprendainf/Word2000/Word2000.pdf
- Combinaciones de teclas y métodos abreviados predeterminados de Word, por CEPYME Aragón: http://www.cepymearagon.es/cursos/word/wo3p1700.htm
- o Apunts practiques sobre... (Melcior Oliveres): http://www.bermol.com/
- Opciones de teclas rápidas para el manejo de Word (CDC, México): http://www.internet.uson.mx/cdc/tips/01.htm
- Microsoft Word: format de text i paràgraf, taules i tabulacions: http://www.joanpelegri.com/publica/profes/vr/Ofimatica/Word/TextParagT aulaTab/TextParagTaulaTab.htm

Por último, na axuda do Word existe unha lista de atallos de teclas, que mesmo se poden configurar e personalizar. Véxase o apartado «Teclas de método abreviado» no Word.

3. CORRECTORES ORTOGRÁFICOS

3.1. Correctores ortográficos de galego

Cando se instala o paquete Office, normalmente xa veñen incluídos correctores ortográficos de varias linguas, mais non de galego, agás no Office XP, que, por primeira vez, inclúe os correctores ortográficos das linguas cooficiais do Estado (catalán, galego e vasco), entre outras.

Os correctores ortográficos de galego que existen no mercado son os seguintes, salvo erro ou omisión:

3.1.1. 2.mil3

O corrector 2.mil3 de galego para o paquete Office 2000, Office XP e Office 2003, polo de agora, é o único corrector ortográfico do mercado que inclúe a **normativa de concordia** (aprobada pola Real Academia Galega en 2003) e que se pode descargar da páxina web de Imaxin en dúas versións: para Office 2003 e Office XP (ocupa 1,44 Mb) ou para Office 2000. É o máis recente, presentado publicamente en xuño de 2004. Este corrector, que funciona en Word, PowerPoint ou Excel, vai estar presente na nova versión do Office en galego que se lanzou a finais de 2004:

- Descarga do corrector ortográfico 2.mil3 para Office XP e Office 2003:
 - http://www.imaxin.com/download/2mil3.zip
 - http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/2mil3.zip
- Descarga do corrector ortográfico 2.mil3 para Office 2000: http://www.imaxin.com/download/2mil.zip

3.1.2. Corrector do Office XP

Corrector desenvolto por imaxin|software, co apoio da Xunta de Galicia. Xa vén incluído no Office XP: é a primeira vez que o Office inclúe un corrector de galego. Detecta máis de vinte e un millóns de palabras válidas. Este corrector achega, alén diso, un hifenizador, isto é, unha ferramenta que, de ser necesario, separa as palabras cun trazo nos finais de liñas. Revisa mentres escribe.

Máis información en http://www.imaxin.com/xp/

3.1.3. 2.mil

O corrector 2.mil é o corrector ortográfico para o paquete Office 2000, desenvolto pola empresa Imaxin e Microsoft, coa colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística e o Instituto da Lingua Galega. Revisa mentres escribe.

Requirimentos:

- Sistema operativo: Windows
- o Paquete Office: 2000

Está dispoñible para baixar en:

- o http://www.imaxin.com/2mil/
- o http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/2mil.zip

3.1.4. Bemposto Beta 1.0

Corrector para Word 97 e Word 2000. Elaborado por Vieiros, Acordar — deseño informático e gráfico— e Xosé Manuel Pérez Sardiña —dirección e asesoramento lingüístico—. Máis información e dispoñible para descarga en http://www.vieiros.com/bemposto.html.

3.1.5. imaxin Galgo

Corrector desenvolto pola empresa Imaxin, subvencionado pola Consellaría de Educación e distribuído de balde pola Xunta de Galicia.

Requirimentos:

- Sistema operativo: Windows 95, Windows 98, Windows NT, Windows 2000
- Paquete Office: Word 6.x, Word 95, Word 97 e WordPerfect 8

Hai varios meses podía descargarse dende http://www.xunta.es/xeral/corrector/galgo.htm. Neste momento o devandito enderezo non funciona.

3.1.6. Corrixe

Corrector desenvolto por José F. Álvarez Rodríguez, M^a Jesús Domínguez Martínez e o Instituto da Lingua Galega.

Requirimentos:

o Sistema operativo: Windows 95, Windows NT e Macintosh

Pódese obter máis información en http://www.usc.es/~ilgas/correcto.html.

3.1.7. Corrector ortográfico Cumio

É o primeiro corrector electrónico que permite traballar simultaneamente cun dicionario electrónico (*Dicionario Cumio da lingua galega*) sen ter que mudar de xanela para cada consulta.

Requirimentos:

- Sistema operativo: Windows 95, Windows 98, Windows NT, Windows 2000
- o Paquete Office: Word 6.x, Word 95, Word 97, WordPerfect 8

3.1.8. Correctores da empresa Allegue

Allegue é unha empresa que mantén en liña un conxugador de verbos galegos. Tamén ofrece un catálogo de produtos como correctores, dicionarios de sinónimos, etc.

Máis información en http://www.allegue.com/corsingal.htm

3.1.9. Dicionarios de galego para Ispell/Aspell/MySpell/Excalibur

Son dicionarios de galego para catro correctores ortográficos: Ispell, Aspell, MySpell (utilizado por OpenOffice e Mozilla) e Excalibur, do contorno Linux. Empregan a normativa de mínimos.

Dispoñibles en http://ispell-gl.sourceforge.net/

3.1.10. CocoAspell en galego

É o primeiro autocorrector directo de galego para MacIntosh.

Máis información en http://especiais.vieiros.com/letras2004/corrector.php

3.2. Outros correctores ortográficos

Tamén existen correctores en liña doutras linguas, como:

- SpellCheck: corrector ortográfico de inglés: http://www.spellcheck.net/
- FLiP: é un corrector feito en Portugal que incorpora corrector ortográfico e sintáctico, dicionarios temáticos, en liña e de sinónimos, correctores doutras linguas (castelán, alemán, francés, inglés e italiano), etc. Máis información sobre este produto en http://www.flip.pt/. Nesta páxina web tamén se encontra unha versión reducida en liña do corrector FLiP de portugués de Portugal e do Brasil premendo en FLiP On-line. Esta versión en liña non emprega o corrector sintáctico.

3.3. Opcións do corrector ortográfico 2.mil

Pódense configurar as diferentes opcións do corrector ortográfico do Word seleccionando **Ferramenta > Opcións > Ortografía y gramática** (figura 16).

Opciones						? ×
Control de Ver Ortografía	cambios General	Información de Edición	l usuario Imprimir	Compatibilidad Guardar	Ubicació Ortografía	n de archivos a y gramática
Revisa Qculta Qculta Solo d Omitir Omitir Omitir	ar ortografía ir errores de r siempre el diccio <u>n</u> ario palabras en pala <u>b</u> ras co	mientras escrib ortografía en e o principal MA <u>Y</u> ÚSCULAS n números	este docume	nto		
Diccionario PERSONA Gramática	arc <u>h</u> ivos y o o personali <u>z</u> AL.DIC	direcciones de Ir ado:	arios			
☐ Revisa ☑ Oculta ☑ Revisa ☐ Estadí <u>V</u> olver	ar gramática ar errores gr ar gramática sticas de leg a revisar do	mientras escrib amaticales en e con ortografía ibilidad cumento	ie ste documei	Estilo de esc nto Valo	ritura: res	<u> </u>
					Aceptar	Cancelar

Figura 16

Dende esta xanela tamén se pode personalizar o dicionario e crear un novo. Para iso, cómpre premer en **Diccionarios** > **Nuevo** > Escoller un nome para o dicionario > **Guardar** > **Aceptar**

Nota: Para establecer como idioma predefinido o galego no corrector para Word e no resto das aplicacións do Windows XP, cómpre efectuar as seguintes operacións:

 Inicio > (Configuración) > Panel de control > Opcións rexionais e de idioma. No separador Opcións rexionais, escoller Gallego no menú despregable, como na figura 17.

Opcións rexionais	e de idioma 🔹 ? 🗙		
Opcións rexionais Id	iomas Opcións avanzadas		
Estándares e format	05		
Esta opción inflúe r unidades monetaria	na maneira como algúns programas formatan números, Is, datas e horas.		
<u>S</u> eleccione un elerr Personalizar <u>para e</u>	nento para definir as preferencias ou prema scoller os seus propios formatos:		
Gallego	Personalizar		
Exemplos			
Número:	123.456.789,00		
Moeda:	€ 123.456.789,00		
Hora:	16:13:59		
Data abreviada:	15/09/05		
Data por extenso:	xoves, 15 de setembro de 2005		
Localización Para axudar os servizos a fornecerlle información local, tal como as noticias e a meteoroloxía, seleccione a súa localización actual: España			
	Aceptar Cancelar Aplicar		

Figura 17

No separador Idiomas (Inicio > [Configuración] > Panel de control > Opcións rexionais e de idioma), cómpre premer no botón Detalles (véxase a figura 18) e escoller como Idiomas de entrada predefinido a opción Gallego – Español do menú despregable, como na figura 19.

Opcións rexionais e de idioma 🛛 🔋 🔀
Opcións rexionais Idiomas Opcións avanzadas
Servizo: de texto e idiomas de entrada Para ver ou modificar os idiomas ou métodos que pode utilizar para a creación de textos, prema Detalles.
Soporte de idiomas adicionais
A maior a dos idiomas son instalados por predefinición. Para instalar idiomas adicionais, seleccione a caixa de verificación apropiada.
Instalar ficheiros para idiomas de escrita complexa e idiomas que se escriben da dereita á esquerda (incluíndo o Tai)
Ingtalar ficheiros para idiomas da Asia oriental
Aceptar Cancelar Aplicar

Figura 18



Figura 19

3.4. Outras opcións

Como se sinalou anteriormente, a opción **Control de cambios** serve para rexistrar as modificacións que sofre un documento. Isto é moi útil nas revisións e é unha función recomendable nos documentos que, ata chegaren á versión definitiva, pasan por varias mans ou revisións.

Ao seleccionar Ferramenta > Control de cambios > Salientar cambios > Opciones, aparece a seguinte xanela:

Control de cambios	<u>? </u> ×
Control de cambios	
Texto insertado Marca (1): Subrayado Color: Por autor	Vista previa
Texto eliminado Marca (2): Tachado Color: Por autor	Vista previa
Formato cambiado Marca (3): (ninguna) Color: Automático	Vista previa _ Texto con formato _
Líneas cambiadas Marca (4): Borde exterior Colo <u>r</u> : Automático	Vista previa
	Aceptar Cancelar
Fig	ura 20

Esta xanela permite mudar as marcas de modificacións que veñen predefinidas no Word que se van rexistrar no documento.

Ao seleccionar a función **Control de cambios** > **Aceptar ou desbotar cambios**, aceptaranse ou rexeitaranse os cambios efectuados coa opción de control de cambios.

Se se selecciona a función **Comparar documentos**, indo a **Ferramenta** > **Control de cambios** > **Comparar documentos**, Word rexistrará con marcas as diferenzas entre dous ficheiros.

3.5. Barra de ferramentas de revisión do Word

Para activar a barra de revisión do Word 2000, cómpre ir a **Vista > Barras de ferramentas > Revisión**. Unha vez seleccionada, aparecerá a devandita barra no menú superior do Word (véxase a figura 21).



onde

- = Inserir comentario. Ao imprimir, os comentarios quedan ocultos, Ο malia se poderen imprimir nunha páxina á parte, seleccionando Ficheiro > Imprimir > Imprimir comentarios
- = Modificar comentario 0
- 🖆 🖆 = Ir ao comentario anterior ou seguinte 0
- <mark>≿</mark>₀ = Eliminar comentario 0
- = Control de cambios. Rexistra as modificacións que sufra o 0 documento. Esta función tamén está accesible dende Ferramenta > Control de cambios > Salientar cambios.
- 🚏 🤔 = Ir ao cambio anterior ou seguinte 0
- 塗 = Aceptar cambio 0
- 😂 = Desbotar cambio 0
- **Salientar** texto cunha cor determinada 0
- = Gardar versión. Garda unha versión do ficheiro con opción de incluír 0 comentarios.
- **E** = Enviar a destinatario de correo (como documento anexo) 0

Volvendo á función Gardar versión, se se preme nela, ábrese unha xanela (figura 22) en que se poden inserir comentarios acerca desa versión do documento. Tamén quedan rexistrados hora e data en que se gravou e o autor da gravación.

Guardar versió	n		?×
Fecha y hora: Guardado por:	03/10/2003 7:05 Ana		
Comentarios ace	rca de la versión:		
I			
		Aceptar	Cancelar
	Figur	a 22	

Tras inserir os comentarios, cómpre premer no botón Aceptar e xa está gravada a versión!

Despois disto, aparece unha nova icona ¹⁰ na parte inferior do programa, á dereita da icona de estado de ortografía e gramática. Se se preme dúas

veces seguidas nesa icona de versións, ábrese a seguinte xanela con diversas opcións:

Versiones en Proxec	:to.doc		? ×
Versiones nuevas			
Guardar ahora		🔲 Guardar automáticamente una	versión al cerrar
Versiones existentes			
Fecha y <u>h</u> ora	Guardado por	Comentarios	
03/10/2003 7:28	Ana	Contén moitos erros tipográf	icos. 🔼
			_
	<u>A</u> brir <u>E</u>	iminar Ver comentarios	Cerrar

Figura 23

Cómpre dicir que esta función aumenta considerablemente o tamaño dos ficheiros.

4. TRADUTORES AUTOMÁTICOS

4.1. Que son?

Os tradutores automáticos (*machine translators*, en inglés) son aplicacións informáticas que traducen textos dunha lingua natural para outra sen intervención humana. A tradución automática (TA), tamén chamada tradución totalmente automática, ao ser efectuada por unha máquina, ten as súas limitacións, por exemplo, se unha palabra está mal escrita no orixinal, non a recoñecerá; por iso, cómpre corrixir o texto orixinal antes de pasalo por un tradutor automático.

Os tradutores automáticos poden resultar de grande axuda ao tradutor humano, se produciren traducións de calidade relativamente alta (canto máis achegadas sexan as linguas, máis satisfactorios serán os resultados). Non obstante, nunca deben substituír o tradutor humano, pois este último posúe un coñecemento do mundo real do que carece o tradutor automático. Entre algúns dos coñecementos/calidades do tradutor humano que o tradutor automático non posúe cabe destacar a posibilidade de contactar co autor do texto orixinal en caso de dúbidas, a capacidade para atopar fontes documentais, o coñecemento do eido traducido, etc. (Fernández Amigo, 2001/2002).

4.2. Tradutores automáticos de galego

A continuación indícanse os tradutores automáticos de galego existentes actualmente, dos máis recentes aos máis antigos. En Fernández Amigo (2001/2002), estúdanse en profundidade as diferenzas de resultados dos tradutores automáticos de galego.

4.2.1. OpenTrad

- Trátase dun sistema de tradución automática, gratuíto e de código aberto, para algúns pares de linguas cooficiais do Estado español:
 - Español-catalán/valenciano e catalán/valenciano-español
 - Español-galego e galego-español
 - Español-vasco
- Está a ser desenvolto, cunha subvención do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, por un consorcio de universidades e empresas catalás, galegas, valencianas e vascas:
 - Eleka Ingeniaritza Linguistikoa, S.L.: http://www.eleka.net/
 - Universidade de Vigo (Seminario de Lingüística informática): http://webs.uvigo.es/sli/
 - Universitat d'Alacant (Grupo Transducens): http://transducens.dlsi.ua.es/
 - Universitat Politècnica de Catalunya (TALP): http://www.upc.es/
 - Euskal Herriko Unibertsitatea (IXA): http://ixa.si.ehu.es/Ixa
 - Imaxin Software: http://www.imaxin.com/
 - Elhuyar Fundazioa: http://www.elhuyar.com/

Segundo a páxina web deste proxecto, o seu obxectivo é:

Desenvolver dous enxeños ou motores de tradución automática de alta velocidade e de código aberto: un de transferencia sintáctica parcial para pares de linguas emparentadas e outro de transferencia sintáctica completa para pares de linguas máis diverxentes, baseándose nos motores xa desenvolvidos por un dos grupos participantes. [...]

(Extraído, o día 20-08-2005, do seguinte enderezo: http://www.opentrad.com/index.php?option=com_content&task=view&id=12&Itemid=40&Iang=gI&PHP SESSID=7768a99505ce0fb8f8b5118b18971496)

- Ao se tratar dun sistema de código aberto, os usuarios van poder modificar libremente o programa para o adecuar ás súas necesidades.
- Actualmente, en http://apertium.sourceforge.net/, xa está dispoñible a primeira versión pública do sistema, que inclúe a combinación español-catalán. Espérase que, a finais de 2005 ou principios de 2006, estean dispoñibles as combinacións lingüísticas galego-español e español-galego.
 Máis información en:
- Mais informacion en:
 - http://www.opentrad.com/
 - http://apertium.sourceforge.net/

4.2.2. Paxariña

- o Dispoñible en http://www.geocities.com/paxtranslator/
- É un programa co que se pode crear un tradutor entre dous idiomas que se coñezan.

4.2.3. Por2Gal

- o Dispoñible en http://por2gal.elpiso.org/index.html
- Lanzado en novembro de 2003. Está adaptado á normativa de concordia de 2003.
- Segundo o seu autor, Alberto Garcia, é o tradutor portugués-galego máis pequeno do mundo: ocupa menos de 2 Kb.
- Programa escrito en linguaxe de programación Perl, propia de contornos Unix/Linux. De todos os xeitos, os usuarios de Windows tamén o poden utilizar en liña dende o seguinte enderezo: http://por2gal.elpiso.org/bin/form/
- A tradución, como a de calquera outro programa, non é perfecta e céntrase sobre todo en substituír as terminacións «ções» por «cións» ou «nh» por «ñ».
- Funciona mellor con textos longos que con frases de cinco ou seis palabras.
- O texto orixinal en portugués, como con calquera tradutor automático, cómpre que estea escrito sen faltas de ortografía («não», «canções» e non «nao», «cancoes», «cançoes» nin «canções»).
- O profesor Pablo Gamallo, da Universidade de Santiago, desenvolveu unha versión mellorada de Por2Gal, que se pode descargar dende o seguinte enderezo: http://gramatica.usc.es/~gamallo/port2gal/port2gal.htm

4.2.4. TraduZa-g

- o Dispoñible en http://www.dimensiona.com/traduza/
- Sistema de tradución automática español-galego, desenvolto pola empresa galega Dimensiona, que inclúe un dicionario de 20.000 palabras raíces,

analiza frases e corrixe 900 palabras por segundo. Non está adaptado á normativa de concordia de 2003.

- Traballa con formatos TXT, HTML, ASP, RTF e Word 2000 e mantén o seu formato orixinal.
- Existen dúas versións gratuítas:
 - Unha delas, dispoñible en http://traductor.mundo-r.com/, permite traducir ata 100 palabras mediante un formulario nunha páxina web. Este servizo só se pode usar unha vez por sesión. Para usalo máis veces, cómpre pechar o navegador e volver a abrilo.
 - A outra versión gratuíta permite traducir tres ficheiros de ata 200 Kb. Está dispoñible en http://www.dimensiona.com/traduza/probar.htm (este enderezo non funcionaba o 20-08-2005). Para empregar esta versión cómpre rexistrarse previamente solicitándoo ao enderezo traduza@dimensiona.com
- A versión rexistrada xa non ten limitacións. Pódense consultar as condicións deste servizo en http://www.dimensiona.com/traduza/tarifas.htm. Esta versión funciona en dúas modalidades:
 - A través de correo electrónico: envíanse os ficheiros orixinais e recíbense os ficheiros traducidos, todo por correo electrónico
 - Mediante a instalación desta aplicación nas dependencias do usuario. Segundo a páxina web de Dimensiona, o custo aproximado é de 0,006 € por palabra do documento orixinal para tradutores, empresas de tradución profesional e gabinetes de normalización. Así mesmo, existen bonos e paquetes para institucións, dependendo do volume de palabras traducidas ao ano.
- Alén da tradución de ficheiros, conta cun tradutor de páxinas web en liña das seguintes combinacións lingüísticas: español-galego, españolportugués de Portugal e español-portugués do Brasil. Este sistema permite seguir navegando no idioma de destino, isto é, en galego, portugués de Portugal ou portugués do Brasil. A pesar de aínda estar en fase de preparación, pódese ver o seu funcionamento no seguinte enderezo web: http://www.dimensiona.com/traduza/trweb/. Neste momento só se poden traducir as páxinas web de varios xornais, un concello galego e un servizo dunha institución estatal: *El Progreso*, Centro Virtual Cervantes, *El País, El Mundo*, Xornal.com, Concello da Coruña, *La Voz de Galicia* e *La Razón*.

4.2.5. ESGL

- Dispoñible, neste momento, só para usuarios autorizados en http://www.edu.xunta.es/tradutoresgl/.
- Proxecto do Centro Ramón Piñeiro, comezado en 1998, en que se construíu, en colaboración coa empresa catalá Incyta, un tradutor automático do español para o galego, baixo a dirección de Guillermo Rojo.
- o Combinación lingüística: castelán-galego.
- A diferenza doutros programas de tradución automática, que fan unha tradución palabra a palabra (como os anteriores que se viron), o ESGL utiliza técnicas de enxeñaría lingüística que consideran toda a oración castelá no seu conxunto e fai unha análise morfolóxica, sintáctica e semántica para poder traducila para o galego axeitadamente.
- O sistema contén un dicionario de termos casteláns con 49.030 entradas, un dicionario de termos galegos con máis de 47.506 entradas, un dicionario

bilingüe castelán-galego con 47.233 entradas e varios dicionarios especializados (xurídicos, científicos, etc.).

- Traballa cos formatos TXT, RTF e páxina web (HTML) e mantén o seu formato orixinal.
- O seu uso está restrinxido á administración galega, aínda que a Consellaría da que depende este tradutor anunciou recentemente que pretende pólo a disposición do público en xeral gratuitamente; máis información en http://www.elcorreogallego.es/index.php?option=com_content&task=view&id=10768&Itemid=9.
- Ata hai pouco tempo denominábase Es-Ga, en vez de ESGL. Recentemente adaptouse o seu nome á nomenclatura internacional.
- Máis información en http://www.cirp.es/prx/prx/prxTrad2000.htm, http://ocartafol.usc.es/con_creto.asp?OCArtafol=16&Artigo=101, http://www.usc.es/~snlus/tradutor.htm e Martínez Calvo (2001:171).

4.2.6. Tradutor A Taiga

- o Dispoñible en http://members.tripod.com.br/ramonflores/ataiga/tradutor.html
- Desenvolto por André Ventas.
- o Combinación lingüística: castelán-galego.
- Segue a normativa de mínimos.
- o Cómpre instalalo no disco ríxido.
- Traduce ficheiros coas extensións .HTM, .HTML, .TXT, .ASP e .DOC e grava a respectiva tradución no mesmo cartafol engadindo a letra «g» antes da extensión do ficheiro. Por exemplo, un ficheiro denominado medicina.doc que se atope en C:\curso\medicina.doc, ao traducilo para o galego, xeraría o ficheiro medicinag.doc co seguinte camiño: C:\curso\medicinag.doc
- Para traducir páxinas web, hai que seleccionar a opción Páxinas web na xanela de abertura do programa, premer en Traducir, no campo de Enderezo ten que se escribir o enderezo da páxina web (www.exemplo.com) e premer despois en Navegar. Unha vez que se abra a páxina na xanela do navegador, premer en Traducir. As páxinas web traducidas quedan gravadas co seguinte camiño: C:\Archivos de programa\tradutor\baixadog.htm. Hai que ter en conta que, se non se borra o ficheiro HTML traducido baixadog.htm e se volve traducir outra páxina, a segunda tradución engádese á primeira no mesmo ficheiro HTML.
- Para consultar as instrucións do programa, cómpre visitar a seguinte páxina web: http://members.tripod.com.br/ramonflores/ataiga/axuda.html
- Unha vez instalado, ábrese seleccionando Inicio > Programas (no Windows 2000) ou Todos os programas (no Windows XP en galego) > Tradutor > Tradutor.
- Para instalar os xogos da Taiga, tamén cómpre que estea instalado o tradutor automático

4.2.7. Proxecto Rianxo

Dispoñible en http://www.geocities.com/Athens/Aegean/7229/. Trátase dun proxecto de Roberto Abalde para desenvolver un tradutor galego-castelángalego (e conxugador de verbos) que puidese ser utilizado de balde. Segue a normativa do ILG/RAG anterior á de concordia de 2003. Este proxecto non aceptou subsidios do Estado e levárono a cabo voluntarios. A última versión (a 0.5) é do 17/04/1999 e a súa base de datos inclúe 4.029 verbos, 7.628 substantivos, 1.024 adxectivos e 208 nomes propios. Pódese utilizar en liña ou baixar ao disco ríxido e usalo localmente. Funciona con Java.

Para utilizalo **en liña** cómpre:

- a. Entrar na páxina web http://www.geocities.com/Athens/Aegean/7229/
- b. Premer no menú superior en Programas e a seguir en Traductor
- c. Escoller a combinación lingüística (castelán-galego ou galego-castelán) no menú **Tipo de traducción**
- d. Inserir/pegar o texto orixinal (o que se quere traducir) no campo rectangular en branco; tamén se poden facer probas cos textos (poemas) que nos ofrece esta aplicación, escollendo o que desexemos no menú despregable de **Exemplos** e premendo no botón Ver
- e. Premer no botón Traducir
- f. Automaticamente amosa o separador **Texto traducido** coa tradución. As palabras que non deu traducido amósaas en maiúsculas. Tamén se poden ver estas palabras premendo no separador **Palabras non traducidas**.
- g. Para comezar de novo, cómpre premer no botón Borrar

Para utilizalo en modo local cómpre:

- a. Entrar na páxina web http://www.geocities.com/Athens/Aegean/7229/
- b. Premer en Programas e, a continuación, en Descargar
- c. Baixar os ficheiros rianxo.zip, vocab.zip e fontes.zip
- d. Descomprimilos e metelos nun mesmo cartafol. Executar o ficheiro index.html
- e. Seguir ata o final os pasos a partir da letra c) do apartado 4.2.7.

4.3. Táboa comparativa de tradutores automáticos de galego

	OpenTrad	Por2Gal	ESGL	TraduZa-g	A Taiga	Proxecto Rianxo
Autoría	Seminario de Lingüística Informática (Univ. de Vigo)	Alberto Garcia	CIRP + INCYTA	Dimensiona, S.L.	André Ventas	Roberto Abalde + voluntarios
Combinacións lingüísticas	ES <> GL (concordia), CA <> ES, ES > EU	PT > GL (concordia)	ES > GL	ES > GL (ILG/RAG)	ES > GL (mínimos)	ES <> GL (ILG/RAG)
Modo de uso	Actualmente, só en liña; a finais de 2005 ou comezos de 2006, descarga.	Descarga/ en liña	_	En liña/correo electrónico	Descarga	Descarga/ en liña
Formatos aceptados	Actualmente en liña: texto puro	En liña: texto puro	TXT, RTF, HTML	TXT, HTML, ASP, RTF, DOC (Word 2000)	HTML, TXT, ASP, DOC	Texto puro
Limite de nº de palabras				 Version gratuíta: ata 100 palabras de texto ou 3 ficheiros de ata 200 Kb. Versión de pagamento: non existe límite 		
Prezo	Gratuíto	Gratuíto	Uso gratuíto, restrinxido á administración galega. No futuro, gratuíto para o público en xeral.	Gratuíto ata 100 palabras de texto ou 3 ficheiros de 200 Kb. Máis palabras: a partir de 0,006 €/palabra	Gratuíto	Gratuíto
Observacións	Sistema de código aberto. As combinacións español-galego e galego-español estarán dispoñibles a finais de 2005/principios de 2006	O ficheiro de descarga ocupa menos de 2 Kb	Usa técnicas de enxeñaría lingüística que consideran toda a oración castelá no seu conxunto.	Dende setembro de 2003 está en probas un tradutor automático ES > GL, PT (Brasil e Portugal)		Sen novas versións dende 1999

4.4. Outros tradutores automáticos

Na Internet existe unha morea deles gratuítos. Normalmente teñen límite de palabras na súa versión gratuíta. Un consello: úsense con precaución.

4.4.1. BabelFish

- http://babelfish.altavista.com/ e http://es.altavista.com/babelfish/ (esta versión en castelán ofrece menos combinacións lingüísticas)
- A Comisión Europea emprega internamente unha versión avanzada deste tradutor automático da empresa Systran.
 - Combinacións lingüísticas dispoñibles:
 - Inglés-chinés simplificado-inglés
 - Inglés-chinés tradicional-inglés
 - Inglés-neerlandés-inglés
 - Inglés-francés-inglés
 - Inglés-alemán-inglés
 - Inglés-grego-inglés
 - > Inglés-italiano-inglés
 - > Inglés-xaponés-inglés
 - > Inglés-coreano-inglés
 - Inglés-portugués (do Brasil)-inglés
 - Inglés-ruso-inglés
 - Inglés-español-inglés
 - Francés-alemán-francés
 - Francés-grego-francés
 - Francés-italiano-francés
 - Francés-portugués-francés
 - Francés-neerlandés-francés
 - Francés-español-francés

4.4.2. WorldLingo

- Dispoñible en http://www.worldlingo.com/wl/translate/
- Pódese escoller un tema (xeral, Química, Dereito, Matemáticas, Ciencias Políticas, etc.) ao facer a tradución
- Pódese inserir caracteres especiais dende un menú despregable
- Traduce de/para as seguintes linguas:
 - Inglés
 - Chinés (simplificado)
 - Chinés (tradicional)
 - Neerlandés
 - Francés
 - Alemán
 - Grego
 - Italiano
 - Xaponés
 - Coreano
 - Portugués (do Brasil)
 - Ruso
 - Español

4.4.3. ATS

- Dispoñible en http://www.automatictrans.es/
- Empresa: AutomaticTrans, S.L.
- Pódese escoller un tema
- Combinacións lingüísticas dispoñibles:
 - Castelán-catalán
 - Catalán-castelán
 - Portugués do Brasil-castelán
 - Castelán-portugués do Brasil

4.4.4. Internostrum

- Dispoñible en http://internostrum.com/
- Combinacións lingüísticas dispoñibles:
 - Castelán-catalán
 - Catalán-castelán

4.4.5. Traductor Universia

- Dispoñible en http://copacabana.dlsi.ua.es/es/text.php
- Combinacións lingüísticas dispoñibles:
 - Español-portugués
 - Portugués-español

4.4.6. Instituto Cervantes

- Dispoñible en http://oesi.cervantes.es/traduccion.jsp
- Combinacións lingüísticas dispoñibles:
 - > Catalán-castelán
 - Castelán-catalán
 - Francés-castelán
 - Castelán-francés
 - > Inglés-castelán
 - > Castelán-inglés
 - Portugués-castelán
 - Castelán-portugués

4.4.7. Systran

- Dispoñible en http://www.systranlinks.com/systran/cgi
- Combinacións lingüísticas dispoñibles:
 - Inglés-neerlancés-inglés
 - Inglés-xaponés-inglés
 - Inglés-coreano-inglés
 - Inglés-chinés simplificado-inglés
 - Inglés-chinés tradicional-inglés
 - Inglés-ruso-inglés
 - Inglés-español-inglés
 - Inglés-francés-inglés
 - > Inglés-alemán-inglés
 - > Inglés-italiano-inglés
 - > Inglés-portugués-inglés
 - Francés-neerlandés-francés
 - ➢ Francés-español-francés
 - Francés-inglés-francés

- Francés-alemán-francés
- Francés-portugués-francés
- Francés-italiano-francés
- Inglés-árabe-inglés
- Inglés-sueco-inglés

4.4.8. Reverso

- Dispoñible en http://www.reverso.net/
- Pódese inserir caracteres especiais dende un menú despregable
- Combinacións lingüísticas dispoñibles:
 - Inglés-francés
 - Francés-inglés
 - Francés-alemán
 - Alemán-francés
 - Alemán-inglés
 - Inglés-alemán
 - Inglés-español
 - Español-inglés
 - Francés-español
 - Español-francés

4.4.9. FreeTranslation

- Dispoñible en http://www.freetranslation.com/
- Combinacións lingüísticas dispoñibles:
 - Inglés-español
 - Inglés-francés
 - Inglés-alemán
 - Inglés-italiano
 - Inglés-neerlandés
 - Inglés-portugués
 - Inglés-ruso
 - Inglés-noruegués
 - Inglés-chinés simplificado
 - Inglés-chinés tradicional
 - Español-inglés
 - Francés-inglés
 - Alemán-inglés
 - Italiano-inglés
 - Neerlandés-inglés
 - Portugués-inglés
 - Ruso-inglés

4.4.10. Language Tools – Google

- Dispoñible en http://www.google.com/language_tools
- Combinacións lingüísticas dispoñibles:
 - Inglés-alemán-inglés
 - Inglés-español-inglés
 - Inglés-francés-inglés
 - > Inglés-italiano-inglés
 - Inglés-portugués-inglés
 - Inglés-xaponés-inglés

- Inglés-coreano-inglés
- Inglés-chinés (simplificado)-inglés
- > Alemán-francés-alemán

Para máis información sobre tradutores automáticos, véxase Fernández Amigo (2001/2002), para o estudo dos tradutores automáticos de español-galego-español, e Soane Fernández (2002/2003), para o estudo dos tradutores automáticos en liña da combinación lingüística inglés-español.
5. RECURSOS TERMINOLÓXICOS

Na Rede pódese consultar de balde unha chea de recursos terminolóxicos (vocabularios, léxicos, dicionarios, manuais de estilo, bases de datos e corpus lingüísticos) que inclúen o galego. Ao se atoparen en formato electrónico, o acceso á información que conteñen é moito máis doado e rápido. A seguir figuran algúns recursos terminolóxicos en galego dispoñibles a través da Internet.

- Dicionario de pedagoxía e o da Real Academia Galega (premer na frecha para mudar de dicionario): http://www.edu.xunta.es/diccionarios/
- Dicionario galego de usos, frases e sinónimos (CRTVG): http://www.crtvg.es/adicc/priportadaeleccion.htm
- **Dicionário Electrónico Estraviz** (máis de 91.000 verbetes): http://www.agal-gz.org/estraviz/ (norma AGAL)
- VOLGA: http://www.linux-galicia.org/diccionario/volga_revisado.zip (en formato Access)
- Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago: Vocabulario de química (galego-español-inglés), glosario de orientación escolar e profesional (galego-español-inglés-francés-alemán), 131 termos básicos de educación social (galego-español-inglés-francés-alemán), léxico de xeografía (castelán-galego), léxico de arqueoloxía (castelángalego), vocabulario de matemáticas (galego-castelán-inglés-portugués), léxico básico das ciencias naturais (castelán-galego), vocabulario de historia (castelán-galego), léxico editorial (castelán-galego) e léxico panlatino de Internet (catalán-español-francés-galego-italiano-portuguésromanés): http://www.usc.es/~snlus/vocab.htm
- Seminario de Lingüística Informática (Universidade de Vigo): vocabulario xurídico-administrativo (galego-castelán), glosario de Internet (galego-inglés-castelán-portugués), vocabulario das artes gráficas (galego-español-inglés), glosario de xermanismos, vocabulario de informática (galego-inglés-castelán), base de datos plurilingüe de títulos cinematográficos (galego-castelán-inglés-francés-alemán-italiano), vocabulario da fauna mariña (galego-inglés-castelán-latín): http://webs.uvigo.es/sli/
- Dicionario CLUVI Inglés-Galego (CLIG): trátase dun dicionario baseado na colección de textos ingleses traducidos para o galego que forma parte do Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo (CLUVI). Para cada tradución introducida no dicionario, o CLIG fornece un exemplo real de uso documentado no CLUVI: http://sli.uvigo.es/CLIG/
- bUSCatermos (banco de datos terminolóxicos multilingüe formado a partir da compilación e reorganización de dicionarios e vocabularios galegos xa existentes, así como das propostas terminolóxicas elaboradas polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago para darlle resposta a dúbidas concretas; esta ferramenta ten normalmente un uso limitado aos ordenadores conectados á rede de datos da USC): http://www.ti.usc.es/buscatermos/
- Galego.org: terminoloxía do fútbol, glosario de urbanismo, vocabulario de comunicación comercial, táboa comparativa de formas do léxico comercial, siglas de textos legais e regulamentarios e glosario básico

sobre a **Internet**: http://galego.org/biblioteca.html [esta ligazón non funciona actualmente]

- Dicionario galego de termos médicos (Real Academia de Cirurxía e Medicina de Galicia/Dirección Xeral de Política Lingüística): http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/DXPL/diccmedico.pdf e http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/diccmedico.pdf (ocupa 4,26 MB)
- Glosario galego-alemán-inglés-castelán de fraseoloxía xurídicoadministrativa: http://webs.uvigo.es/traductor/mdocampo/
- Compilación de terminoloxía xurídica castelán-galego: http://sal.avogacia.org/CursoOptima/compiterm/compiterm.html e http://sal.avogacia.org/CursoOptima/compiterm/compiterm.pdf (409 Kb).
- Tecnicismos xurídicos e galego popular: http://sal.avogacia.org/Tecnicismos_xuridicos_e_galego_popular.htm
- o Dicionario da vestimenta tradicional galega: http://dvtg.f2o.org/
- Léxico galego (Vocabularios e léxicos concretos —defectos físicos, os peixes, os mariscos, o carro, o hórreo, a castaña—, castelanismos, exercicios de lingua e outros recursos relacionados co galego e cos símbolos de Galicia): http://club.telepolis.com/acabezalla/gz.htm
- Vocabulario **sexual** galego: http://mais.vieiros.com/letras2002/trebellas.html
- The Alternative Galician Dictionary: http://www.notam02.no/~hcholm/altlang/ht/Galician.html
- Galizionario (proxecto wiki para facer un dicionario libre; conta con máis de 12.000 entradas): http://gl.wiktionary.org/wiki/
- Páxina feita por emigrantes de Uruguai que fala sobre a historia do galego, ofrece un dicionario en liña, un curso de galego, entre outros: http://www.internet.com.uy/moebius/Lingua/Index.htm
- Dicionario técnico inglés-galego (dicionario informático de Linux): http://trasno.gpul.org/axuda/diccionario/
- Glosario inglés-galego de Microsoft (en xullo de 2004 só estaba dispoñible o do Windows XP): ftp://ftp.microsoft.com/developr/MSDN/newup/Glossary/ (ficheiro: Galician.zip). Véxase §5.1.1 para saber como consultar terminoloxía de Microsoft noutras combinacións lingüísticas.
- Glosario informático inglés-galego do Proxecto Xis (tirado do dicionario de Trasno.net): http://www.galego21.org/g21/glosario/
- Léxico informático inglés-galego: http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/dicionarios/galegoingles.pdf
 Closaria galego da Gaseta Divital:
- Glosario galego da Gaceta Dixital: http://www.cesga.es/telecursos/GacetaDixital/anexos/glosario.html
- Léxico panlatino do comercio electrónico (coordinado por REALITER e elaborado, na súa versión galega, por TERMIGAL): http://www.realiter.net/temp/panlatin_e-com.pdf
- Glosario de termos (Centro de Competencias en Comercio Electrónico): http://www.e-negociogalicia.com/soporte/glosario
- Glosario de termos de tipos de licenza informática: http://es.geocities.com/xeise/recursos/glosario.htm
- Glosario de termos técnicos (Edugaliza): http://www.edugaliza.org/axuda/glosario.html
- Siglas de uso no eido da Informática (Anxo Forxán): http://members.tripod.com.br/ramonflores/outros/Siglas.html

- Dicionario galego de sms: http://especiais.vieiros.com/letras2004/dicionariosms.php
- Homenaxe a Eladio Rodríguez: http://www.usc.es/xorna/eladio/indice1.htm [non funciona actualmente]
- Dicionario visual da construción: http://dicionario.coag.es/ (formato páxina web) e http://dicionario.coag.es/Dicionario_visual_construcion.pdf (versión en PDF; ocupa 14,3 MB)
- Dicionario interactivo de Arquitectura e Construción galego-casteláncatalán (inclúe un apartado sobre unidades de medida tradicionais e as súas equivalencias aproximadas): http://www.arquitecturagalega.net/AG/dicionario/dicionario.cgi?amosa=paxina
- Dicionario galego de construción: http://carlinhos90.eresmas.com/defin.htm
- Glosario de megalitismo: http://www.pangalaica.com/megalitismo/galego/glosario.htm
- Glosario de modismos frecuentes e a súa equivalencia no galego: http://www.galegoenlinna.uvigo.es/fichasVer.asp?idFicha=143
- o Dicionario de termos relixiosos: http://www.igrexa.org/diccionario/
- Léxico de transporte turístico (aromeno, catalán, corso, galego, ladino, occitano, sardo, español, francés, inglés e alemán): http://www.termcat.net/dicci/transport/index.html
- Glosario A cociñar con Paco Feixó: http://www.vieiros.com/pacofeixo/glosario.html
- Glosario do viño (Bodegas Terras Guada, S.A.): http://www.terrasgauda.com/gal/once/diccionario/dica.html
- Léxico do medio: http://www.linmiter.net/lexique/_index.html
- Dicionario barallete-gallego-castellano: http://perso.wanadoo.es/miguelsiara/barallete.htm [non funciona actualmente]
- Algunhas voces especiais do galego do val do río Ellas: http://es.geocities.com/alendoval/Costas-vocesespeciais.htm
- o Dicionario de termos literarios: http://www.cirp.es/res/dtl/index.html
- Ditos e refráns galegos (explicado en castelán): http://www.valdeorras.com/micologia/refrans.htm
- Glosario de **emerxencia por incendios forestais** (DOG 23-08-2001): http://www.socialia.org/content/download/8582/129812/file/R260601plan_especial_proteccioncivil.pdf
- Dicionario multilingüe dos elementos da táboa periódica en 68 linguas (entre as que se inclúe o galego): http://www.vanderkrogt.net/elements/multidict.html e http://www.vanderkrogt.net/elements/lang/galician_num.html
- Vocabulario galego-valenciano valencià-gallec (nove primeiras páxinas do vocabulario): http://www.editorial-club-universitario.es/pdf/000177.pdf
- Glosario básico inglés-galego: http://centros.edu.xunta.es/eoidepontevedra/enl/glosario.htm
- Glosario de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro (por Domingo Blanco): http://www.consellodacultura.org/mediateca/publicacions/cantares_gallegos.htm (dispoñible en formato PDF, pp. 337-344)
- Dicionario de preferencias: http://mais.vieiros.com/letras2001/preferencias.php

- Dicionario de afectos: http://www.elcorreogallego.es/periodico/letras2001/diccionario/index.htm [non funciona actualmente]
- Multilingual Animal Glossary of Unveiled Synonyms: http://www.informatika.bf.uni-lj.si/magus.html

Malia non incluíren o galego como lingua de traballo —agás a base de datos IATE—, cabe destacar a existencia dos seguintes recursos terminolóxicos, gratuítos, nos idiomas oficiais da Unión Europea, postos a disposición por diversas institucións da mesma:

- https://iate.cdt.eu.int/iatenew/ É a nova base o IATE: de datos interinstitucional da Unión Europea; nunha fase inicial estaba aberta ao público en xeral utilizando «guest» como nome de usuario e contrasinal. Neste momento, segundo os seus responsables, «The IATE database has been put into production in the EU's translation services in summer last year. It is not yet accessible to the public. The URL you have used is a link to a test database; when we noticed that this url has been published in various newsgroups on the internet we had to block the access to avoid performance problems. The system is today simply not ready to cater for the usages by the public. However, the development that is necessary IATE available to external users with a satisfying level of service are ongoing. We hope that you will be able to use IATE from the first guarter of 2006. Until then Eurodicautom will remain accessible.»
- Eurodicautom: http://europa.eu.int/eurodicautom/ (xa non se actualiza hai varios meses, debido á mudanza á nova base de datos interinstitucional IATE)
- **CELEX**: http://europa.eu.int/celex/
- **EUR-Lex**: http://europa.eu.int/eur-lex/

Alén destes recursos terminolóxicos, tamén existen bastantes recursos deste tipo na sección de ligazóns da páxina web da Sociedade Galega de Terminoloxía (http://www.terminoloxia.org/ligazons.htm) e na sección de Galego de *O Traductor Virtual* (http://webs.uvigo.es/sli/virtual/galego.htm).

No anexo «Recursos bibliográficos» do módulo teórico deste curso da CTNL, realizado por Reverso Servizos Lingüísticos, en Rodríguez Río (2003:69-93) e Bilega —Bibliografía informatizada da lingua galega— (http://airas.cirp.es/WXN/wxn/frames/bilega.html), existen listas máis exhaustivas que esta, non só de recursos en liña, senón tamén en papel e noutras linguas.

5.1. Algunhas recomendacións para buscar terminoloxía multilingüe

5.1.1. Microsoft

Os glosarios de Microsoft conteñen a terminoloxía empregada nos produtos informáticos lanzados por esta multinacional. No peche deste traballo, en

agosto de 2005, só existía un glosario inglés-galego de Microsoft —o do Windows XP—, aínda que, en novembro de 2004, Microsoft puxo a disposición do público en xeral, de forma gratuíta, o ficheiro de tradución para o galego do paquete Office 2003 (véxase §5).

Na actualidade existen glosarios bilingües de Microsoft (por exemplo, inglés-galego, inglés-catalán, inglés-portugués, etc., sempre co inglés) dos seguintes idiomas:

- Alemán
- Árabe
- Búlgaro
- > Catalán
- > Checo
- Chinés simplificado
- Chinés tradicional
- Coreano
- Croata
- Dinamarqués
- Eslovaco
- Esloveno
- Español
- Estoniano
- ➢ Finés
- Francés
- ➤ Galego
- > Grego
- > Hebreo
- > Hindi
- Húngaro
- > Indonesio

- Islandés
- Italiano
- Letón
- Lituano
- Malaio
- Neerlandés
- > Noruegués
- > Nynorsk
- > Polaco
- Portugués (Brasil)
- Portugués (Portugal)
- Romanés
- ≻ Ruso
- Serbio (alfabeto cirílico)
- Serbio (alfabeto latino)
- Sueco
- > Tai
- > Turco
- Ucraíno
- Vasco
- > Xaponés

Actualmente todos eles están dispoñibles de balde para descarga no FTP da multinacional en ftp://ftp.microsoft.com/developr/MSDN/newup/Glossary/.

Se queremos saber a tradución galega de terminoloxía inglesa utilizada por Microsoft, só teremos que baixar o ficheiro Galician.zip que está no devandito FTP.

Após descomprimirmos o ficheiro Galician.zip, encontraremos dentro del tres ficheiros (glg-esp-filelist.txt, Readme.txt, glg-esp-csv-WindowsXPLIP.csv), como na figura 24.

Nome 🔺	Tamaño	Тіро	Data da modificación
🛐 glg-esp-csv-WindowsXPLIP.csv	3.974 KB	Microsoft Excel Comma Separated Values File	19/06/04 20:37
🖲 glg-esp-filelist.txt	1 KB	Documento de texto	02/07/04 12:57
🗐 Readme.txt	5 KB	Documento de texto	11/11/99 19:10

onde

- glg-esp-filelist.txt: indica o nome dos ficheiros dos glosarios incluídos no ficheiro Galician.zip
- **Readme.txt**: contén unha explicación do formato usado nos glosarios de Microsoft, así como unha nota xurídica
- glg-esp-csv-WindowsXPLIP.csv: é o glosario do produto Windows XP. Está en formato CSV e pódese abrir coa aplicación Excel.

Se queremos saber a equivalencia en galego de terminoloxía que non teñamos en inglés, por exemplo, do termo castelán «Bloc de notas», teremos que consultar dous glosarios: primeiro, o de castelán —para sabermos cal é o equivalente inglés do castelán «Bloc de notas» (véxase a figura 25)— e, despois, o de galego —para, a partir do termo inglés (que, neste caso, é «Notepad», sabermos cal é o seu equivalente galego (véxase a figura 26), que neste caso é «Caderno de notas»—. Para levar a cabo esta operación, cómpre sempre recorrer ao inglés como lingua ponte entre as outras dúas.

Microsoft Excel - spa-esp-csv-WindowsXP.csv					
🗐 Archivo Edición Ver Insertar Eormato Herramientas Datos Ventana ?					
🗅 🚔 🔚 🚔 📆 🎒 🖏 🖤 🕺 🖻 🛍 • 🚿 🗠 - 🖙 🍓 Σ • 🔀 🛃	👬 🛍 🥵 100% 🔹 😰 🖕				
🔯 🏜 🕍 🌌 🖻 🚋 🌡 🦉 🍢 😥 🗮 אין Responder con <u>c</u> ambios Ter <u>m</u> inar revisión 🕻					
Arial • 10 • N X S ≣ ≣ ≣ ඕ இ € % 000 *00 •	8 僅 🕼 • 🕭 • 🗛 • 🚬 👘				
A7060 🝷 🏂 Notepad.Ink,,"Bloc de notas.Ink",,"TXT",,"WinNT","Wi	ndows XP XP"				
A B C D E F	G H				
7045 Services.Ink,,"Servicios.Ink",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7046 Send a FaxInk,,"Enviar un faxInk",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7047 Scheduled Tasks.Ink,,"Tareas programadas.Ink",,"TXT",,"WinNT","Windows X	P XP"				
7048 Sail.jpg,,"Navegar.jpg",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7049 Run in Compatibility Mode.Ink, "Ejecutar en modo de compatibilidad.Ink", "TXT", "WinNT", "Windows XP XP"					
7050 Remote Desktop Connection.Ink,,"Conexión a Escritorio remoto.Ink",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7051 Readme Notes.Ink,,"Léame.Ink",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7052 Radio Station Guide.url,,"Guía de estaciones de radio.url",,"TXT",,"WinNT","W	/indows XP XP"				
7053 Phone Dialer.Ink,,"Marcador telefónico.Ink",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7054 Performance.Ink,,"Rendimiento.Ink",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7055 Outlook Express.Ink,,"Outlook Express.Ink",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7056 Orange canyon.jpg,,"Cañón naranja.jpg",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7057 OneStop.mid,,"Estaciones.mid",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7058 On-Screen Keyboard.Ink,,"Teclado en pantalla.Ink",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7059 New Stories (Highway Blues).wma,,"Historias nuevas (Highway Blues).wma",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7060 Notepad.Ink,,"Bloc de notas.Ink",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7061 Network Connections.Ink,,"Conexiones de red.Ink",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
7062 NetMeeting.Ink,,"NetMeeting.Ink",,"TXT",,"WinNT","Windows XP XP"					
Eiguro 25					

Figura 25

Microsoft Excel - glg-esp-csv-WindowsXPLIP.csv
🗐 Archivo Edición Ver Insertar Eormato Herramientas Datos Ventana ?
🗅 🚔 🗑 🚔 🎒 🎒 🕵 🖤 🐰 🛍 🋍 • 🚿 🗠 - 🖙 🍓 Σ - 🄀 🛃 🛍 🚜 100% - 🕄 🗸
🛅 🏜 🕍 🖾 🌆 🕼 🖓 🖏 😥 🕸 Kesponder con cambios Ter <u>m</u> inar revisión 🖕
Arial - 10 - N K S ≣ ≣ ≣ € % 000 * 8 + 8 ∉ ≇ • 🕭 • 🗛 • .
A23154 🝷 🏂 Notepad,,Caderno de notas,,TDB,,Windows,Windows XP,LIP
A B C D E F G H
23139 Yes, connect and search for the software on the Internet,,"Si, conectarse e buscar o software na Internet",,RDB,,W
23140 No, do not connect to the Internet now, Non conectarse á Internet agora, RDB, Windows, Windows XP, LIP
23141 It is recommended that you connect to the Internet so that the wizard can search online and look for the appropriate
23142 If you know another place where the software might be located, click Back and select the Advanced option.,,"Se sa
23143 Cannot Continue the Hardware Update Wizard, Non se pode continuar co Asistente para a actualización de hardwa
23144 The wizard could not find a better match for your hardware than the software you currently have installed. "O asister
23145 Choose what you want to do., Escolla o que quere facer., TXB, Windows, Windows XP, LIP
23146 To keep the current software, click Finish.,,"Para manter o software existente, prema Rematar.",,TXB,,Windows,Wi
23147 To search again in another location, click Back.,,"Para volver buscar noutra localización, prema Atrás.",,TXB,,Wind
23148 Don't prompt me again to install this software. "Non me volver preguntar se quero instalar este software. "CHK"Win
23149 Cannot Install this Hardware,,Non se pode instalar este hardware,,TXB,,Windows,Windows XP,LIP
23150 The hardware was not installed because the wizard cannot find the necessary software., Non se instalou o hardware
23151 When this computer connects to the Internet, Windows Update will search for the right software and notify you if it I
23152 Click Finish to go to Help and Support Center for further help installing this hardware. "Prema Rematar para ir ao Ce
23153 Click Back if you have installation media such as a CD-ROM, or if you know the location of the software., "Prema A
23154 Notepad, Caderno de notas, TDB, Windows, Windows XP, LIP
23155 Goto line, Ir á liña, TDB, Windows, Windows XP, LIP
23156 Cannot open the %% file.\n\nMake sure a disk is in the drive you specified. ,,Non se pode abrir o ficheiro %%.\n\nA
23157 Cannot find the %% file.\n\nDo you want to create a new file?,,Non se atopa o ficheiro %%.\n\nQuere crear un novo
23158 The text in the %% file has changed.\n\nDo you want to save the changes?,,O texto do ficheiro '%%' foi modificado
23159 - Notepad,, - Caderno de notas,,TXT,,Windows,Windows XP,LIP
23160 Cannot find "%%", "Non se atopa ""%%""", TXT, Windows, Windows XP, LIP
23161 Not enough memory available to complete this operation. Quit one or more applications to increase available memo
23162 The %% file is too large for Notepad \n\nUse another editor to edit the file. "O ficheiro %% é demasiado grande para
23163 Notepad, Caderno de notas, TXT, Windows, Windows XP,LIP

Figura 26

5.1.2. EUR-Lex

EUR-Lex —dispoñible en http://europa.eu.int/eur-lex/— é o portal do Dereito da Unión Europea, así como o punto de entrada único para as coleccións completas dos textos xurídicos da Unión en todas as linguas oficiais.

Ao ser da Unión Europea, só inclúe idiomas oficiais nesa institución, e non o galego. De todos os xeitos, pode ser de interese para os tradutores que traballan con esta lingua, pois a base de datos inclúe o portugués e o castelán.

Na figura 27 pódese ver a páxina de inicio deste portal existente en agosto de 2005.



Figura 27

Nesta mesma páxina web, podemos e debemos escoller a lingua en que queremos navegar, sempre dentro das oficiais da Unión Europea. Premeremos en **pt** para navegar en portugués, **es** para navegar en español, etc.

Na seguinte páxina web (figura 28), entre outras moitas funcións, é posible realizar pescudas en toda a base de datos ou por campos (tratados, lexislación —en vigor ou en preparación— e xurisprudencia). Para efectuar unha pescuda avanzada, cómpre premer no botón «Todos» (figura 29) no menú do canto superior esquerdo.

Europa	g – El portal del derecho de la Unión Europea
Diario Oficial Tratados	Primera visita RSS 🖶 versión impresa Versión Legislación Legislación en preparación Jurisprudencia Preguntas parlamentarias Documentos de interés público Amplia
isqueda	Noticias
Rápida Todos Go ?	02/07/2004> <u>Newsletter - 6/2004</u> 30/06/2004 > <u>Acción contra el tabaco</u> 28/05/2004 > <u>Protección de datos personales</u>
inculos 🤷	Selección entre los últimos documentos publicados
ELEX CURIA ELL PreLex ED	 3009/2004 > Directiva 2004/32/CE del Consejo, de 29 de debil de 2004, por la que se establecen normas mánimas nativarse a laterva a los requisitos paras el reconcisimanto el testanto de asensionales de terescos países o apátitades como infundos o personas que necesitan otro tipo de protección internacional y al contensió de la protección normaniante enterior de la protección internacional y al contensió de la protección normaniante enterior de la contensió de la protección normaniante enterior de la contensió de la protección, necolección y utilización de los neuros genéticos del tectora gantía y por el que se denoge al Reglamento (CE) no 140/1024
E rocedimientos y rotagonistas BC Iosario	Diario Oficial 1 November 2004 Tratados EUR-Lex: the new version! The new site incomposites
formación * obre este sitio apa del sitio	Legislación en preparación en preparación en preparación en preparación en preparación en prevides free and easy access in 20 languages to
vuda reguntas más ecuentes	Jurisprudencia database on EU law.
ontáctenos edidos	Documentos de interés público
	will temporarily toexist

Figura 28

Búsqueda	
Rápida	Todos
	Go ?
Figur	a 29

A seguir, aparecerá unha pantalla (figura 30) en cuxo campo de texto deberemos inserir o texto que desexamos buscar. No noso caso, por exemplo, podemos querer saber cal é o nome oficial en portugués da norma europea «EN 1080». Sabemos que trata sobre cascos de protección para cativos e que o seu nome oficial en español é «EN 1080 Cascos de protección contra impactos para niños».

Europa	ŵR <u>/</u> ex	;					español	(es)
						📇 versio	ón impresa	Versión
Diario Oficial	Tratados	Legislación	Legislación en preparación	Jurisprudencia	Preguntas parlamentarias	Documentos de interé	s público	Amplia
Portada » Bus	car todos lo	s documentos						
Vínculos								
CELEX CU	RIA	Búsqueda por	el número del documento 4					
OEIL Pre	Lex	Año [*] :		Número [*] :				
TED		Seleccione el	campo en el que desea buscar:					
Sobre el Derech	no de la	💽 Legislació	n 🔘 Legislación en preparación	🔘 Jurisprudencia	○ Todos			
UE		Búsqueda por	términos ²					
Procedimientos protagonistas	У	Texto*		Fecha del docum	ento			
ABC		1		Del:		1/1/2001	1.	
Glosario		l Salaasiana al		Doi:		17172001	<u>.</u>	
		Seleccione er	Campo en el que desea ouscar.					
Información	×	U I ratados	ULegislacion ULegislacion er	n preparacion UJu	nsprudencia 🕑 l'odos			
Sobre este sitio	·	Idioma del do	cumento: Español 🚩	Número de docu	mentos que desea visualizar:	25 documentos 👻		
Ayuda							*Cau	npo oblig
Preguntas más								
Contáctenos								
Pedidos								
Comprar el DO e	en CD-ROM							
entro subforc	O THROPTA	ытт. (с с.£	: £	Figura 30	48 4			

Para buscarmos un texto determinado en castelán, cómpre seleccionarmos «Español» no menú «Idioma del documento», como nasfiguras 30 e 31. Para buscarmos en toda a base de datos, seleccionaremos «Todos» na opción «Seleccione el campo en el que desea buscar:», como na figura 30.

Idioma del documento:	Español	*

Figura 31

No campo «Texto» escribiremos o nome completo ou parcial da norma europea: «EN 1080», «Cascos de protección contra impactos para niños» ou mesmo «EN 1080 Cascos de protección contra impactos para niños». A seguir, cómpre premer na segunda lupa do canto dereito da pantalla para comezar a pescuda.

A continuación, ábrese unha páxina web cos resultados (figura 32). No noso caso, só houbo un resultado que podemos consultar en tres formatos diferentes —PDF, TIFF e HTML—. Escollemos o máis sinxelo, que é HTML.

C) Europa	un Jeo	\$						_
Diario Oficial	Tratados	:egislación	Legislación en pre	paración	Jurisprudencia	Preguntas parlamentar	ias Documentos de interês público	Preparing enlargement
Búsqueda		Resultados	de la búsqueda			Documentas 1		Página 1/1
Răpida	7	Terio : Case	cas de pratección co	otra impar	tos para miños	Del: 1/1/200	01	
moculos	×	1. PRI ane	GUNTA ESCR rtura automática	ITA E-24 de los c	029/00 de Reir ascos de ciclis	10 Paasilinna (PSE) a l ta nara niños.	la Comisión. Cierre con	
CELEX CUR OEIL Pret TED	RIA Lex	Dia	to Oficial n°C 0 More INPO	89 E de :	20/03/2001 p. ()/33 - 0233	HTML	
Sobre el Derecho	o de la 😽							
Procedimientos protegonistas ABC Glosario	7							
Información	×							
Sobre este sitio Mapa del sitio Ayuda Preguntas más fremantes Contáctenos								
Pedidos Comprar el DO e								

Figura 32

No corpo desa páxina buscamos, coa opción de busca do navegador —no Internet Explorer é **CTRL+F** ou **Editar > Buscar (nesta páxina)...**—, o texto que inserimos no campo «Texto» para realizar a pescuda (figura 33).

La norma EN 1078 Cascos para ciclistas y usuarios de monopatines y patines de ruedas menciona en su introducción el peligro de estrangulamiento que corren los niños en caso de que el casco quede aprisionado. Cita también la norma EN 1080 Cascos de protección contra impactos para niños, que trata de los cascos para niños menores de siete años, los cuales no deben utilizarse ni en juegos que tengan lugar en zonas de juegos infantiles, ni cuando se utilicen las instalaciones de dichas zonas. Figura 33

Se reparamos no enderezo da páxina (figura 34), vemos que a secuencia lg=ES indica a lingua en que está escrita o documento: ES=español; sempre se utiliza o código ISO correspondente á lingua.

Enderezo	Inttp://europa.eu.int/smartapi/cgi/sga_doc?smartapi!celexapi!prod!CELEXnumdoc8lg=ES8numdoc=92000E20298model=guichett	į
	Figura 34	

Se queremos ir, por exemplo, á versión portuguesa¹ do mesmo documento, teremos que cambiar o ES por PT (figura 35), cargar a nova páxina web e buscar manualmente o mesmo segmento en portugués.

¹ Moitos dos documentos que integran esta base de datos foron traducidos do inglés, francés e alemán, por iso nunca se poderán comparar estritamente as traducións, por exemplo, entre o español e o portugués, xa que é posible que fosen traducidas do inglés para o español e do inglés para o portugués. De calquera forma, pode ser de grande axuda ao tradutor, polo menos para ter unha pista sobre a posible tradución ou significado dun termo ou expresión, para despois estudar mellor a fiabilidade e viabilidade desa solución.

Enderezo 🕘 http://europa.eu.int/smartapi/cgi/sga_doc?smartapi!celexapi!prod!CELEXnumdoc8lg=PT8numdoc=92000E20298model=guichett figura 35

O resultado é o seguinte:

A norma EN 1078 sobre Capacetes para ciclistas e para utilizadores de pranchas com rodas e patins com rodas menciona, na sua introdução, o perigo de o capacete, ao ficar preso, estrangular as crianças e faz referência à norma EN 1080 sobre Capacetes de protecção contra choques para jovens, relativa a capacetes destinados a crianças com idades inferiores a sete anos, em que se estabelece que estes não deverão ser utilizados nem durante actividades lúdicas em área de recreio, nem durante a utilização dos equipamentos das referidas áreas.

Figura 36

Mediante este procedemento, concluímos que o nome oficial en portugués da norma europea EN 1080 é «Capacetes de protecção contra choque para jovens». Para termos máis certeza, podemos buscar máis páxinas web con esta secuencia, por exemplo, no Google (http://www.google.com/) e ver a fiabilidade que merecen os resultados.

Cabe dicir que esta é unha das maneiras de facer pescudas na actual interface de EUR-Lex. Se, no futuro, cambiaren a interface do portal, pode que o xeito de efectuar buscas non coincida co descrito nestas liñas.

6. OUTRAS APLICACIÓNS ELECTRÓNICAS

- Paquete da interface en galego do Windows XP (de balde para os usuarios que teñan licenza legal): http://www.microsoft.com/spain/windowsxp/gallego.mspx
- Paquete da interface en galego do Office 2003: http://www.microsoft.com/downloads/details.aspx?displaylang=gl&FamilyID= ccf199bc-c987-48f5-9707-dc6c7d0e35d0
- Dicionario de verbos galegos Laverca, de Edicións Xerais (2002): É un dicionario de verbos clásico e un programa informático novidoso, en CD-ROM, que permite a conxugación e a análise verbal, así como a reprodución oral mediante voz sintetizada.
- O Dicionario de dicionarios (Windows 95, Windows 98, Windows NT, Windows 2000 e Windows XP) foi o primeiro dicionario deste xénero publicado en España. Na súa primeira versión contén máis dunha decena de volumes históricos que abranguen dende o ano 1863 (dicionario de F. J. Rodríguez) ata 1963 (dicionario de Eladio Rodríguez) cun total de 88.000 entradas, no cal se poden realizar consultas simples, consultar sinónimos, afíns, etc. Foi editado por Antón Santamarina e publicado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza na Coruña de 2001 a 2003 (1ª, 2ª e 3ª versión, respectivamente):

http://www.geocities.com/galiciaenteira/o_diccionario_de_diccionarios2003.htm

 O Dicionario Cumio da lingua galega foi o primeiro dicionario electrónico en galego dotado dun sistema que liga as suxestións do corrector ortográfico coa súa definición no dicionario (véxanse as figuras 37 e 38). Non está adaptado á normativa de concordia.

CDiccionario Cumio		_ 🗗 🗡
Índices Edición Consultas Histo	orico Axuda	
🎨 Diccionario		🥝 🖻 🖻
infeliz	infolia	
infalible 🔺	Intenz	
infamar		
infamia		
infancia	1 adv. o. p. Ouo. ou quen, sefre per algunha cousa. Sin	deparaciado
infando	1. aux. e s. Que, ou queri, soire por aigurina cousa. Sin.	uesyi aciauo,
infantado	desventurado, infortunado, malfadado, malpoca	ado. Ant. feliz.
infante		
infantería	2. Oue, ou quen ten exercive bendede ou mensedume.	ou que non ten
infanticidio	 Que, ou quen, ten excesiva pondade ou mansedume, d 	ou que non ten
infantilismo	malic	ia ou picardia.
infanzón		
infarto	 adv. Ouo non proporciona folicidado, ou que está ace 	mpańado pola
infatigable	3. aux. Que non proporciona telicidade, ou que esta acc	inipanado pola
infatuar	sorte adversa. Sin. aciago, desgraciado, desventura	ado. Ant. felíz.
infausto		
infeccioso	A Que non ocorre ou non se produce no momento máis con:	vonionto ou do
infecundo	4. Que non ocorre ou non se produce no momento mais con	
infectar	xeito mais conveniente. Sin. inoportuno . Ant. re	eliz, oportuno.
infecto		
infeliz		
interior		
inferir		
infernal		
inferno		
infero-		
infértil		
infestar influence		
infidelidade		
infiel		
36311 entradas		
🏦 Inicio 🛛 🧔 😭	C Diccionario Cumio	💽 ES 🚑 🕮 1:42

Figura 37

CDiccionario Cumio Índices Edición Consultas H	istorico Axuda	X
🍥 Diccionario		S 🖬 🖻
a1 a2 a3 a4 à1 à2 à1 à2 àb- abb ab- ab-	Carro Caro Comodíns Comodíns Comodíns Caro	 das tirada por animais. 2. Carga dun carro. 3. Carro de combate. e traslación horizontal, ir, a usada nos barcos ombate Milit. Vehículo o, Sin. tanque Para-lo xós bois Adiantarse ós -lo carro Dar propina.
🏦 Inicio 📔 🍮 🗐 🚮	C Diccionario Cumio	🕂 💽 ES 📰 🕮 2:06
	Figura 38	

- Corpus paralelo CLUVI (corpus lingüístico da Universidade de Vigo): Dende o enderezo http://sli.uvigo.es/CLUVI/ pódense realizar pescudas do seu contido. O CLUVI abrangue varios corpus:
 - Corpus literario TECTRA (inglés-galego, inglés-portugués, inglésespañol)
 - o Corpus literario FEGA (francés-galego)
 - Corpus xurídico LEGA (galego-español)
 - o Corpus xurídico LEGE-BI (vasco-español, español-vasco)
 - Corpus UNESCO de divulgación científica (inglés-galego-francésespañol)
 - o Corpus EGAL de economía (galego-español)
 - Corpus VEIGA de subtitulación de películas (inglés-galego)

Máis información en Gómez Guinovart & Sacau Fontenla (2004).

- TILGA | Tesouro Informatizado da Lingua Galega (ILG): corpus constituído por once millóns de palabras galegas, recollidas de distintos textos publicados dende 1612 ata a actualidade. Está dispoñible para consulta en http://www.ti.usc.es/TILG/
- Corpus CORGA (corpus de referencia do galego actual): contén unha colección de textos de diversa procedencia, representativos do galego actual (dende 1995 ata 2004), en formato electrónico. Está dispoñible en http://corpus.cirp.es/corgaxml/ (versión nova) e http://corpus.cirp.es/corga/ (versión antiga)
- TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega): http://corpus.cirp.es/tmilg/
- CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae): http://corpus.cirp.es/codolga/
- Linguateca: dende http://www.linguateca.pt/ > Catálogo de recursos > Corpora ou directamente dende http://www.linguateca.pt/corpora_info.html pódense consultar diversos corpus de portugués (escritos, falados transcritos, de fala e paralelos)
- Manual de estilo do xornal O Correo Galego: este manual de estilo está en http://www.elcorreogallego.es/canales/manual_estilo/portada.html

- Nomenclátor (toponimia das entidades de poboación de Galicia): Dispoñible en http://www.xunta.es/nomenclator/
- Galego en liña (páxina web de información sobre a lingua galega ortografía, gramática e estilo da lingua galega, e mesmo contén un glosario de modismos frecuentes e a súa equivalencia no galego, así como símbolos, siglas e acrónimos máis frecuentes— desenvolvida pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e que ten como obxectivo servir como ferramenta para o asesoramento lingüístico): http://www.galegoenlinna.uvigo.es/
- Termos a debate (Sociedade Galega de Terminoloxía): http://www.terminoloxia.org/termosadebate.htm
- Arrecada: Servizo ofrecido dende o Termigal coa finalidade de arrecadar e someter a estudo e discusión problemas e propostas denominativas sobre termos: http://www.cirp.es/res/arrecada/arrecada.html
- Proxecto Neo, do Observatorio de Neoloxía Léxica (Universidade de Vigo). http://neoloxia.uvigo.es/
- Un idioma preciso: Espazo creado pola Área de Linguaxes Especializadas do SNL da Univ. de Santiago e canalciencia.com, destinado a difundir e debater propostas de denominación de termos galegos aínda sen definir e usar correctamente: http://www.canalciencia.com/faladoiro/index.htm
- Conxugación dos verbos galegos: http://www.verbix.com/languages/galician.shtml
- Verbos galegos (Allegue CB): http://www.allegue.com/verbgal.htm
- **Base de datos plurilingüe de títulos cinematográficos** (galego-casteláninglés-francés-alemán-italiano): http://webs.uvigo.es/sli/lingware/cine.zip
- Análise de textos ABZ e edición electrónica de De catro a catro de Manuel Antonio: http://www.ctv.es/USERS/mforca/Software/principal.htm [hai varios meses que esta páxina web non funciona]
- TradWordGal (macro que traduce os menús do Word 97 e Word 2000 para o galego): http://www.galego21.org/xis/software/tradwordgal.htm [neste momento esta páxina web non funciona]
- Concordia 2.0 (requirimentos: Windows): utilidade que permite a conversión automática dos textos escritos na antiga normativa ILG/RAG (1982/1995) para a normativa de concordia, produto do acordo normativo do 12 de xullo de 2003. Esta utilidade permite seleccionar o grao de execución das alteracións que se desexen efectuar nos textos. Os usuarios que queiran limitar as mudanzas exclusivamente aos aspectos propostos na nova normativa de Concordia, poden seleccionar a opción «Grao da Execución» > «Parcial», no menú «Edición». A opción «Grao da Execución» > «Completo», presente por omisión, realza mudanzas adicionais, seleccionando entre diversas opcións presentes na propia normativa. Esta aplicación está dispoñible na seguinte páxina web: http://webs.uvigo.es/h06/weba573/persoal/henr/util/concordia1.htm ou en http://webs.uvigo.es/h06/weba573/persoal/henr/jhpr.htm > Utilidades > Concórdia.

7. ROLDAS DE CORREO

As roldas denomínanse *listas de correo/distribución/discusión*, en castelán, e *mailing lists*, en inglés, e son un servizo da Internet mediante o cal o correo electrónico que chega a un determinado enderezo se reenvía a todos os membros inscritos no servizo, para poderen discutir temas determinados.

Existen numerosas roldas sobre tradución. Véxanse, por exemplo, as seguintes páxinas web, mantidas por tradutores profesionais, en que figura unha lista de roldas clasificadas por temas:

- o Javier Sancho (en castelán): http://www.asetrad.org/cdb/cdb_5.htm
- o Bruno Aeschbacher (en inglés): http://www.onurb.ch/mailinglists-en.html
- Translation Journal (en inglés): http://accurapid.com/journal/00disc.htm

Con todo, aquí só se describirán as relacionadas coa lingua galega e a tradución:

Tradgal: rolda dedicada á tradución do/para o galego onde se poden tratar temas como dúbidas terminolóxicas (ou doutro tipo) relacionadas co galego, problemas de tradución específicos entre o galego e outras linguas, a tradución en Galicia, novidades interesantes, etc. Pódese escribir en calquera lingua, aínda que se recomenda que sexa en galego. Creouse o 27 de maio de 2002 e o 20 de agosto de 2005 tiña a 229 subscritores e 1.863 mensaxes no seu arquivo.

O enderezo da súa páxina web é http://www.elistas.net/lista/tradgal/

 Terminoloxía: rolda do Consello da Cultura que botou a andar en maio de 2003. Esta rolda está especializada en terminoloxía galega e diríxese aos especialistas que traballen con temas de terminoloxía, terminografía, tradución e linguaxes de especialidade sobre calquera lingua e, especialmente, en lingua galega.

Máis información no seguinte enderezo web: http://www.culturagalega.org/temadia.php?id=2942

Con relación a roldas relacionadas coa informática e a tradución, existen varias:

- TecnoTrad: rolda creada en xullo de 1999, hospedada en RedIris, está dedicada ás tecnoloxías que serven de apoio á tradución. Constitúe o foro específico de debate de temas como os seguintes:
 - Recursos tecnolóxicos para tradutores: dicionarios e glosarios
 - Tradución automática
 - Procesamento da linguaxe natural aplicada á tradución
 - Lingüística de corpus: compilación de mostras de linguaxe natural para a súa posterior análise por computador e desenvolvemento de modelos de linguaxe para tradución automática. Corpus multilingües

Máis información en http://www.rediris.es/list/info/tecnotrad.es.html

- Tradumática (Informática aplicada a la traducción): rolda creada en decembro do ano 2000, hospedada en RedIris, está dedicada ás novas tecnoloxías aplicadas á tradución: a tradución automática e asistida, a recuperación e xestión da información, a explotación de bases de datos terminolóxicos, alén de todo aquilo relacionado coa implementación da informática aplicada á tradución, á terminoloxía e á documentación. O termo «tradumática» formouse a partir de «tradución» + «informática». Máis información en http://www.rediris.es/list/info/tradumatica.es.html
- Help_ (Help desk for translators): rolda en inglés, creada en febreiro de 2001 e hospedada en Yahoo! Segundo a súa páxina web: «Help desk for translators. This list will be a place where translators can get help with software problems.»

Máis información en http://groups.yahoo.com/group/help_/

- Comptrans (Computer tips for translators): rolda en inglés, hospedada en Yahoo! e creada en xullo de 2004. Segundo a súa páxina web: «This group is for translators to discuss how they use computers and computer software to do their job.» Máis información en http://groups.yahoo.com/group/comptrans/
- CatMT: rolda en inglés, con más de sete anos de existencia e, dende outubro de 1998, hospedada en Yahoo! Segundo a súa páxina web: «The CATMT list hosts discussions regarding Computer Aided Translation and Machine Translation software.» Máis información en http://groups.yahoo.com/group/catmt/

8. MEMORIAS DE TRADUCIÓN

8.1. Que son?

Son bases de datos lingüísticas de textos paralelos en que se almacena un conxunto de textos orixinais e as súas traducións, divididos en unidades que reciben o nome de segmentos. Cando se está a traducir unha unidade exacta ou semellante a outra xa traducida, o programa «lembra» cómo se traduciu. Nas memorias de tradución pódense buscar correspondencias semellantes, fixando unha porcentaxe —é o que se chama correspondencia imperfecta ou *fuzzy match*—, ou correspondencias exactas (*exact matches*).

Son axeitadas para textos repetitivos (catálogos, manuais, formularios, etc.) e suxeitos a actualización periódicas, novas versións dun texto, mais nunca para traducións co orixinal en papel; se se quere empregar unha ferramenta baseada en memorias de tradución para traducir un documento que está en papel, cómpre dixitalizalo e pasalo por un programa de recoñecemento óptico de caracteres (OCR). Non se beneficiaría tanto do uso dunha memoria de tradución quen traduce textos de tipo moi distinto e que raramente atope repeticións no seu traballo. Non obstante, moitos profesionais, mesmo con textos literarios —nos cales as repeticións son moito máis raras que nos textos non literarios—, empregan estes programas para almacenaren a tradución xunto co orixinal, a fin de, máis tarde, poderen facer pescudas terminolóxicas ou doutro tipo con moita máis facilidade.

Entre as vantaxes destes programas encóntranse: máis consistencia, aumento da produtividade do tradutor, prazos de entrega máis curtos, seguridade de que o tradutor non se «saltou» ningún texto ao traducir e homoxeneidade terminolóxica. Con relación aos inconvenientes: investimento alto —dependendo da memoria de tradución escollida— e necesidade de aprendizaxe (Álvarez López 2002:13-15). Webb (1998) tamén analiza as vantaxes e desvantaxes das memorias de tradución na súa tese titulada *Advantages and Disadvantages of Translation Memory: A Cost/Benefit Analysis.*

Antes de decidir qué memoria mercar, é moi recomendable probar varias e ver a que realmente se adapta mellor ás necesidades e gusto do tradutor. Case todas as memorias de tradución son de pagamento. Con todo, a meirande parte ten unha versión de proba (*trial version*) que funciona durante un período de tempo determinado (normalmente, 30 días) dabondo para explorar o programa a fondo. En §8.4 enuméranse as principais memorias de tradución do mercado e descríbense brevemente.

As memorias de tradución non nos fan bos asesores lingüísticos. Se un asesor é malo, as memorias de tradución farán que o erro se repita en todo o texto. Os programas baseados en memorias de tradución axudan a uniformar a terminoloxía e os textos e aproveitan o traballo anterior, polo que aforran tempo.

Nogueira (2004*b*), tradutor brasileiro de orixes —medio— galegas, indica dez razóns polas que os tradutores deben empregar este tipo de programas:

- 1. Torna quase impossível deixar de traduzir uma frase ou parágrafo e acaba com a reguinha de marcar o lugar onde você está.
- Facilita a consulta a traduções anteriores («eu já traduzi isso, meu Deus, como é que foi mesmo?»).
- Bota ordem nos cinco mil glossários que a gente antigamente guardava e, de modo geral, consulta os glossários automaticamente, mostrando, em algum lugar da tela, a palavra ou frase do glossário com sua respectiva tradução.
- 4. É mais fácil de usar porque mostra, na tela, original e tradução juntos, sem que você tenha que ficar virando o pescoço o tempo todo, do papel para a tela.
- 5. Facilita a manutenção da formatação do original, sem que você precise se preocupar em sabe como é que o cliente conseguiu fazer aquilo.
- 6. Facilita o trabalho com números e nomes próprios, que podem ser transcritos do original para a tradução sem problema.
- No caso de você receber o cliente um texto «só com algumas modificações, você logo vai ver», indica exatamente quais foram essas modificações e onde ocorreram.
- 8. Encontra não só as sentenças iguais, como também as parecidas, de modo que você pode dar mais uniformidade ao seu trabalho.
- 9. Não impõe tradução alguma. No máximo, sugerem. Você traduz como bem entende.
- 10. Uma mão na roda quando você tem que traduzir algo enrolado como ppt, html ou coisa pior ainda.

Nenhum desses programas é perfeito: todos têm limitações e falhas. Além disso, cada um tem suas vantagens e desvantagens e se adapta mais a alguns tipos de serviços do que a outros. Além disso, há o lado pessoal: cada um de nós tem suas preferências. [...]

TODOS esses programas constituem as memórias automaticamente, à medida que você trabalha. Todos eles permitem mesclar memórias de diversas origens. Por exemplo, se o seu colega tem uma memória de Trados e você usa Transit, dá para usar a memória dele numa boa. Por fim, todos eles permitem «inverter» a memória, quer dizer, usar a memória «inglês > português» para fazer um trabalho «português > inglês [...]».

8.2. Algunhas siglas

Antes de continuar, convén facer fincapé no significado dalgunhas siglas en diferentes linguas:

Galego/Castelán	Inglés
Memoria de Tradución (MT)	Translation Memory (TM)
Traduc(c)ión [Totalmente] Automática (TA) [O home non intervén no proceso de tradución, só a máquina]	Machine Translation (MT)
Traduc(c)ión Asistida por Ordenador (TAO) [O ordenador axuda o home nesta tarefa]	Computer-Aided Translation / Computer-Assisted Translation (CAT)

8.3. Algúns conceptos

- <u>Editor de texto</u>: programa en que se realiza a tradución. É unha especie de procesador con varias xanelas (para o texto de chegada ou as correspondencias atopadas), dependendo da memoria de tradución. Normalmente cada programa posúe o seu propio editor, agás no caso de Trados, que se integra en Word. Wordfast tamén usa Word.

- <u>Aliñar un texto</u> permite crear unha memoria partindo de ficheiros xa traducidos.

- *Exact match*: correspondencias exactas

- *Fuzzy* [=partial] *match*: correspondencias parciais

- <u>Filtros</u>: son necesarios para converter os ficheiros dun formato a outro, así como importalos ao editor de documento ou exportalos ao seu formato orixinal unha vez traducidos. Os programas baseados en memorias de tradución permiten, grazas aos filtros, centrar na tradución e esquecerse dos formatos.

- O estándar <u>TMX</u> (*Translation Memory Exchange*) nas MT: formato estándar de memoria de tradución que teñen case todas as memorias de tradución. Serve para poder empregar memorias de tradución creadas cun programa noutro diferente.

- <u>Mochila</u> (en inglés, *dongle*): dispositivo físico de protección contra copias que se conecta ao porto paralelo do equipamento e que empregan algunhas memorias de tradución, como TRADOS.

8.4. Principais memorias de tradución do mercado

A seguir indícanse algúns dos programas baseados en memorias de tradución máis coñecidos do mercado. Alén destes, existen máis. No entanto, como a lista sería bastante extensa, remítese ás seguintes páxinas web con parte desta información:

- CAT tools: http://www.proz.com/?sp=cat/tools
- CAT CAT Tools Introduction & Links: http://www.proz.com/?sp=cat/intro
- TM brand profiles at Lantra-L: http://www.accurapid.com/journal/26tm.htm (véxase García, 2003)
- Download Translation Memory Tools, Localization, TRADOS, Deja Vu, SDLX, Wordfast (Translatum – the Greek Translation Vortal): http://www.translatum.gr/dics/translation-memory.htm

8.4.1. Translation Workbench

- o Páxina web: http://www.trados.com/
- Desenvolto por TRADOS (empresa alemá). Esta empresa foi mercada por SDL en xuño de 2005 (véxase §8.4.5).
- o Funciona con mochila
- É a ferramenta baseada en memorias de tradución máis empregada en todo o mundo polas empresas de tradución, sobre todo nos Estados Unidos
- o Usa o Word como editor

Ο

- Pode necesitar máis recursos que outros programas, xa que executa varios programas simultaneamente
- Dende http://www.translationzone.com/download.asp?menuItem=12 pódese descargar a versión de proba deste programa
 - Na Internet existen varias roldas dedicadas a esta aplicación:
 - o TW_users (en inglés): http://www.onelist.com/community/TW_users/
 - o Tefdl (en francés): http://fr.groups.yahoo.com/group/tefdl/
 - o Trados_FI (en finlandés): http://groups.yahoo.com/group/Trados_FI/



Figura 39: Interface do Translation Workbench de TRADOS

8.4.2. Déjà Vu

- o Páxina web: http://www.atril.com/
- o Desenvolto pola empresa catalá Atril
- É un programa moi popular entre tradutores autónomos. Segundo estes (véxase Álvarez López, 2002:37), ten un excelente apoio técnico —que é gratuíto—, as actualizacións son gratuítas e pódense descargar dende a páxina web e os autores do programa adoitan incorporar a esta aplicación case todas as suxestións e pedidos dos usuarios. O seu emprego está bastante estendido na península Ibérica.
- Existe una versión de proba que funciona durante 30 días, sen limitacións. Despois desa data, segue funcionando, malia con algunhas limitacións.
- o Na Internet existen varias roldas dedicadas a este programa:
 - o En inglés: http://groups.yahoo.com/group/dejavu-l/
 - o En castelán: http://es.groups.yahoo.com/group/dejavu-e/
 - o En catalán: http://groups.yahoo.com/group/dejavu-c/

	IG NO KERX.	. 6	🔄 🏘 💁	Aa 6	an an <u>2</u>			R 1110	**.	
	ALROWS		<u>×</u>	Gen	man (Standa	rd) 👌		te Navigalar		-
En	gish (United States)	German (Standard)			-		E Printer manual			
	Product/Accessory Part Numbers:	B	Produkt-/2	ubehärte	lenummern:		1	e system		
	(1)P76624B(2)ACME SpeedPrint 720	Ø.	(1)P76624	B(2)ACM	E SpeedPrin	720				
	(3)C83528B(4)Black ink cartridge	-	(3) CB3528 Tiotenkart	8 (4) Sidw usche	və#29					
٠	(5)C83528B(6)Color ink cartridge		(5)-CB3522 Tintenkart	88(6)Farb usche	ige					
	Printing Method						1	utoSearch	-	a a
	Four color (CMVK) init jet technology						P	nk carbidge	1 Tinten	vartusche
	Nozale Configuration	-								
	Monochrome Head:									
	64 nozzles						6	anhic industries, P	iolin 1	211912002
	Color Head:						A	CME		
	and a subset						Te	erminology: C:((My F	roject(J83.d	ytdb

Figura 40: Interface do Déjà Vu de ATRIL

8.4.3. Transit

- Páxina web: http://www.star-solutions.net/, http://www.star-group.net/ e http://www.star-solutions.net/html/eng/produkte/TransitXV-Varianten.html
- Desenvolto polo grupo Star
- o Está no mercado como aplicación de Windows dende 1993
- Gran reputación de conversión de linguas orientais. Tamén funciona co árabe
- o Rolda dispoñible en http://groups.yahoo.com/group/Transit_TermStar/



Figura 41: Interface do TRANSIT (Captura cedida por Star Servicios Lingüísticos)

8.4.4. WordFast

- o Páxina web: http://www.wordfast.net/
- Desenvolto por Champollion WordFast Ltd. O seu autor é Yves Champollion, descendente do exiptólogo francés Jean-François Champollion.
- É unha macro que ocupa pouco máis de 400 Kb e que funciona en Windows, Macintosh e Linux (véxase o seguinte enderezo para máis información: http://www.wordfast.net/index.php?whichpage=versions)

- Diferentes prezos segundo o país de residencia do comprador (se o tradutor comprador reside ou traballa no Brasil, pagará metade do prezo que se reside ou traballa en Francia).
- o Roldas:
 - o En inglés: http://groups.yahoo.com/group/wordfast/
 - o En portugués: http://groups.yahoo.com/group/wordfast_pt/
 - o En español: http://es.groups.yahoo.com/group/Wordfast_ES/
 - En http://www.wordfast.net/index.php?whichpage=community&lang=engb pódese consultar unha lista das roldas de correo do Wordfast noutras linguas
- En http://accurapid.com/journal/22trados.htm pode lerse un artigo (titulado «Trados—Is It a Must?»), escrito por Andrei Gerasimov, sobre esta memoria de tradución
- Máis información en §8.6.

🖬 diptico_biling.doc - Microsoft Word
Archivo Edición Ver Insettar Eormato Herramientas Tabla Vegitana Wordfast 2
Titulo 3 🔹 Times New Roman 🗸 9 👻 🗶 发 医 喜 書 🌉 汪 汪 律 律 🔲 🖌 🔬 🖌 Gallego 🔹 🥫
🗅 🖙 🖶 🚑 🎒 🔕 😻 🙏 🗈 🋍 🍼 🔹 - 🖙 Normal NewMacros Macro5 Normal NewMacros Macro4 🍓 📴 🗔 👿 135% 📼 🔅
≠Ç≠ΞQ≡ ₭⊻Э © 22⊹008 ÷00 € , 20 €
/05
VERSIÓN EN CASTELLANO
3005
VERSIÓN EN GALEGO
-01
C T 1 100 101 10 10000
6- / de noviembre de 2003 TERMIGAL (Centre Ramén Piñeira, RAG)
Santiago de Compostela
Jueves, 6 de noviembre:
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Carretera Santiago-Noia, km 3
16:30 Inauguración conjunta del IV Simposio de la Asociación española de terminología y del J Simpo-
Sinche in Frankreicht
Pág. 1 Sec. 3 1/2 A Lin. Col. 18 GRB MCA EXT SOB Gallego
🙀 Inicio 🧉 🖄 🚺 🔁 C. Vana 🗤 🖄 Bandeja 🚱 MultiCor 🕅 ap55_al 🕷 Williem 🕷 diptico 🌾 🔯 🚅 🐼 😫 20:33

Figura 42: Interface do WordFast

8.4.5. SDLX Translation Suite

- o Páxinas web:
 - http://www.sdlintl.com/
 - http://www.sdlintl.com/products/sdlx.htm
- o Desenvolto por SDL (empresa británica)
- o Rolda en inglés: http://groups.yahoo.com/group/sdlx/

CALL AND A REAL AND A	No. 1 and The second of State
The test between estimated and DEX from a fact from Primar (DEF) The test deep contracted and DEX from a fact from Primar (DEF)	 The test has been estimated and IDEX from a lock Test Premar (ETP the test has been estimated and IDEX from a lock Test Premar (ETP the surder to denominate the functionality of the program).
Cost express estantial lives inferred Edd) are inter-separately in for building memory.	*Consequently du trate cont constrate of us on phonese forbarr() ^{1/2} Selectionari(). 20 cont repertority de manifer organization dans un inducer de production.
Although generation is tripped achies graphics, OLE, six and replaced when the like a reconstructed as IDL Depart Waard or Preserved.	Tether bei adormations: de main eu piege cont rapproxies, y compre les graphepies, les liens CLE, etc.
Winter-died Test such as frontants and as items are Jamei anne-dately following the regression which they are located	Le [inste uangel it que les soits de bas de page et les adus sour] properties le manificationent spuits le ongevent dans legat de figurent
 You will achore that for second sentences in the English fit has been bundlated as two sentences. 	Vou ennarganett gas le second regionet de licher august a fêt traine par deut plenien.
Adjusting of a super-	¹⁰ S quarterized out long, advantage alls de conserver l'alignment estre perto auglas et le texts traduit.
The text is write a footnote	· Ce tente fait porte d'une note de han de page
The test is write as write:	To texte the poster live aden
Aphabetic seguents	18 Seguerat par orden alphabitugas
fit the following test or an algorithmically metrod i.e.	Wite mehr vonast netraur fete Milder pear verden ufpfünbertigen.
The order of the terms is different for each language and convergentity	Consta Toolan discharmen ost different pour charges larges, sa discussed of advances.

Figura 43: Interface do SDLX Translation Suite

8.4.6. MultiTrans

- o Páxina web: http://www.multicorpora.ca/
- o Desenvolto por MultiCorpora (empresa canadense)
- o Rolda dispoñible en http://groups.yahoo.com/group/multitrans/

TermBase Process	7 糸 日白 🌇 🤍 ビン・ (ジャ 🍋	臣律律□・ፈ・	- W
Tran Termé docur	Term is now searching through your opened ase(s) and replacing known expressions in the ent from English to French .		
Statistics			
Sentences :	2/2	20	
Words :	972	06 Jan 19	
Replaced words :	Select Translation	19/19/015/1	
- Replacing know	Current Sentence	unctions directement 3 MS3/Jord 97	Beplace
*****	Transi em pener anegor manificar		Replace Al
	J		Skip
¶	Source MultiTrans functions	Skip All	
Paragraph 20	Larget fonctions de MultiTrans	Add to TutorialTermBase	Preferred
rungruph 2-	Translations		TermBare
	Translation	Frequency TermBase	
1	fonctions de MultiTrans	3 TutorialTermBase	Options
Porograph 2	les ronctions de Muitil rans	I I Utorial I ermBase	Cancel
r ar agraph 5			

Figura 44: Interface do MultiTrans

8.4.7. Wordfisher

- Páxina web: http://www.wordfisher.com/
- Desenvolto por Tibor Kornyei
- Consiste nunha macro que se pode empregar con Word para Windows versión 6 ou superior, incluído o Word 2002
- Manuais dispoñibles en inglés, checo, alemán, francés, húngaro, italiano, ruso, ucraíno, español e portugués brasileiro. Tamén existe dispoñible unha guía rápida, de 8 páxinas, nas seguintes linguas: inglés, húngaro, vasco, búlgaro, chinés, francés, alemán, grego, italiano, polaco, portugués, ruso e español
- Versión de proba totalmente funcional, dispoñible en http://www.wordfisher.com/download.htm
- o Rolda dispoñible en http://groups.yahoo.com/group/wfisher/

 En http://accurapid.com/journal/11wf.htm pódese ler un artigo (titulado «WordFisher for MS Word: An alternative to translation memory programs for freelance translators?») sobre o WordFisher, escrito polo autor do programa

8.4.8. OmegaT

- o Páxina web: http://www.omegat.org/omegat/omegat.html
- o Desenvolto por Keith Godfrey
- Memoria de tradución gratuíta escrita en Java e de código aberto
- o Aínda se encontra en fase beta
- É un programa autónomo, isto é, non se integra noutro
- o Manuais dispoñibles en inglés, francés, alemán e xaponés
- o Admite diversos sistemas operativos: Windows, Macintosh e Linux
- Rolda dispoñible en http://groups.yahoo.com/group/OmegaT/
- En http://www.accurapid.com/journal/23linux.htm pode lerse un artigo (titulado «Close Windows. Open Doors»), escrito por Marc Prior, sobre esta memoria de tradución



Figura 45: Interface do OmegaT

8.4.9. MetaTexis

- o Páxina web: http://www.metatexis.com/
- o Desenvolto polo alemán Hermann Bruns
- Rolda de circulares: http://www.metatexis.org/newsletter/newsletter.php
- Rolda de correo: http://groups.yahoo.com/group/MetaTexis/

 En http://traduccion.rediris.es/8/2articulos.htm pode lerse un artigo (titulado «MetaTexis, la alternativa asequible»), escrito por Aitor Medrano, sobre esta memoria de tradución

8.4.10. Fusion

- Páxina web: http://www.orcadev.com/products/products14.asp e http://www.proz.com/fusion/
- Desenvolto por Orca Development corp.
- o Rolda dispoñible en http://groups.yahoo.com/group/CAT_tool_fusion/

o Foro dispoñible en http://www.proz.com/forum/64/

8.4.11. OOxlate

- o Páxina web: http://translatewrite.com/ooxlate.html
- o Desenvolto por Daniel J. Urist
- o Memoria de tradución gratuíta que só traballa con OpenOffice e Linux

8.4.12. Logiterm

- o Páxina web: http://www.terminotix.com/
- o Desenvolto por Terminotix, Inc.
- o Rolda dispoñible en http://groups.yahoo.com/group/logiterm/

8.4.13. ForeignDesk

o Páxina web: http://sourceforge.net/projects/foreigndesk/ e

http://www.lionbridge.com/company/alliances/foreigndesk-open-source-initiative.liox

- Desenvolto por Lionbridge
- o Memoria de tradución gratuíta e de código aberto

8.4.14. Heartsome

- o Páxina web: http://www.heartsome.net/
- o Desenvolto por Heartsome Holdings Pte. Ltd.
- o Funciona en Macintosh, Linux e Windows



Figura 46: Interface do Heartsome XLIFF Editor (Captura cedida por Heartsome)

8.4.15. Translator's Intuition

- o Páxina web: http://www.termseekinc.com/
- o Desenvolto por Term Seek, Inc.



Figura 47: Interface do Translation's Intuition (Fonte: http://www.termseekinc.com/prod_tintuition.htm)

8.4.16. Lingotek

- o Páxina web: http://www.lingotek.com/
- o Desenvolto por Lingotek Inc.

8.4.17. Logoport

• Páxina web:

http://www.lionbridge.com/globalization/technology/logoport.liox?intLangID=1

- Desenvolto por Logoport Software GmbH (empresa alemá), recentemente foi mercado por Lionbridge Technologies, Inc.
- o Funciona en Windows e Linux



(Captura cedida por Lionbridge)

8.4.18. TRANS Suite 2000

Páxina web: http://www.cypresoft.com/

- Desenvolto por Cypresoft (empresa belga)
- Rolda dispoñible en http://groups.yahoo.com/group/ts2000_users/



Figura 49: Interface do Trans Suite 2000

 Cypresoft pechou as súas portas a finais do ano 2003. No entanto, a súa rolda segue funcionando, malia ter pouco correo.

8.4.19. Translation Manager

- Ferramenta interna de IBM e unha das primeiras que apareceron no mercado
- o Ata certo momento, tiña bastante que ver co sistema operativo OS/2
- o IBM descontinuou este programa no ano 2002

8.5. Estudos comparativos

Existen varios estudos comparativos de memorias de tradución con resultados interesantes, entre os que destacan os seguintes:

- Sánchez-Gijón, Pilar. «Catàleg de sistemes de memòries de traducció», publicado no número 0 da revista Tradumàtica: http://www.fti.uab.es/tradumatica/revista/num0/articles/psanchez/central.htm
- Nogueira, Danilo. «Translation Tools Today: A Personal View», artigo publicado na revista virtual de tradución denominada *Translation Journal*: http://accurapid.com/journal/19tm.htm
- The competition: http://www.lai.com/tmcompet.htm
- CAT Fight, de ProZ: http://www.proz.com/?sp=cat/compare
- Translator Software at TranslatorsCafe.com: http://www.translatorscafe.com/cafe/Software.asp
- Computer Aided Translation software comparison (Trans Suite 2000, Trados e Déjà Vu, por Filip Mourisso): http://www.geocities.com/fmourisso/CAT.htm

8.6. Wordfast

É un modelo —ficheiro con extensión .dot— que ocupa pouco máis de 400 Kb e que se integra no programa Word. Funciona co Word 97, Word 2000 e Word 2002 (XP) para PC, Word 98 e Word 2001 para MacIntosh. Sobre o seu uso con Linux, véxase http://www.translatewrite.com/wflinuxfaq.html. Así mesmo, tamén funciona en rede local.

Na Internet existen dous enderezos en que se pode obter esta aplicación:

- Unha versión actualizada, de pagamento, en http://www.wordfast.net/ (a única limitación da versión demo é o número de unidades de tradución, que é restrinxido a unhas 500).
- Unha versión gratuíta, ofrecida polo grupo italiano Logos, datada en outubro de 2002: http://www.wordfast.org/

O seu prezo, prestacións e fácil manexo fan del unha boa escolla á hora de decidirse por unha memoria de tradución. Ten prezos especiais para países en vías de desenvolvemento e do terceiro mundo e é gratuíto para algunhas institucións.

A miúdo saen actualizacións desta aplicación. A vantaxe é que estas son gratuítas e os cambios adoitan ser pequenos.

Existen **manuais** do Wordfast moi completos e explicativos en varias linguas en http://www.wordfast.net/index.php?whichpage=manuals (páxina web oficial do Wordfast) e en http://www.wordfast.org/site/manual.html (páxina web de Logos e Champollion). De todos os xeitos, a versión que está sempre actualizada é a inglesa.

Tamén existen diversas **roldas** sobre este programa en varias linguas. En http://www.wordfast.net/index.php?whichpage=community&lang=engb hai unha lista delas.

8.6.1. Instalación do Wordfast: Instalación automática

Con versións de Word superiores ao Word 97, empregar a caixa de diálogo de Word **Ferramenta** > **Macro** > **Seguridade** > **Bajo** e despois pechar Word antes de que se efectúe a instalación automática.

Para levar a cabo a instalación automática, cómpre abrir Word, abrir o modelo **wordfast.dot** usando o cadro de diálogo **Ficheiro** > **Abrir** (como cando se abren documentos normais), permitir macros, se for o caso, e premer en **CTRL+F2**.

A instalación automática é o único caso en que realmente se abre **wordfast.dot** como un documento. Despois da instalación, **wordfast.dot** queda engadido ao modelo de inicio (véxase **Ferramenta** > **Matrices e complementos**).

Iniciar Word. Aparecerá a seguinte barra:



Se non aparece, premer no botón: Se non aparece na barra de ferramentas, ir a Vista > Barras de ferramentas > Wordfast para activalo.

A primeira vez que se usa, cómpre premer no botón *k* para que se abra o seguinte menú:

Wordfast (wordfast.ini)	×
Translation memory	Quality check Setup ?
Files Service Compress	TM attributes TM rules
Select TM	Cannot find or open c:\ana\cursocios\levar2\wfmemory.bt
: 🗖 Share TM through LAN	
New TM	
Export TM	
©тм <u>х</u> Ст <u>м</u> w О	Unicode

Figura 51

Seleccionar **New TM** (nova memoria de tradución), asignarlle os códigos ISO das linguas orixe e termo (ES-ES e GL-01). Premer en **Aceptar** e gravar a memoria de tradución nun cartafol. As seguintes veces que se empregue unha memoria de tradución e se queira continuar cunha xa creada, cómpre seleccionar **Select TM** (seleccionar memoria de tradución) e escoller a que xa se comezara.

8.6.2. Instrucións de uso básicas

Unha sesión básica de tradución componse dos seguintes pasos:

- Tradución:
 - A. Abrir o documento que se vai traducir, premendo na icona 4 (Start translation session / comezar sesión de tradución).
 - B. O segmento de partida aparece indicado en azul. Os segmentos están delimitados con marcas violetas {0> que non se poden borrar. A caixa de debaixo é o segmento de chegada. Se o Wordfast atopa unha tradución exacta ou aproximada, disporaa en fondo verde ou amarelo. Se non, estará baldeira e en fondo gris. Escribir a tradución no segmento de chegada, só na caixa inferior (verde, amarela ou gris) e en máis ningures. Exemplo:

{0>	
Este es mi primer trabajo.	
<}80{>	
Este é o meu primeiro traballo.	

Figura 52

Premer na icona \checkmark (Next/seguinte) ou ALT+ \checkmark (frecha cara abaixo) para validar o segmento actual e ir ao seguinte.

<u>Atención</u>: nunca premer na tecla **Intro** nin **tabulador** para validar a tradución. Os segmentos de partida e chegada non poden conter retorno de carro, tabulacións ou saltos de páxina. Para recuar ao segmento anterior, premer en **ALT+**↑ (frecha cara arriba).

- C. Traducir o documento premendo na icona (Next/seguinte) para validar cada un dos segmentos. Para rematar a tradución, premer na icona (End/rematar ou fin) ou ALT+FIN. Se se valida o derradeiro segmento dun documento, o Wordfast rematará automaticamente a sesión de tradución.
- Clean-up (limpar): Tras rematar a tradución, premer na icona (Quick Clean-Up/limpeza rápida).

Despois de crear unha memoria de tradución, pódese ver o seu contido indo ao cartafol onde se sitúa e, co Word pechado, abrir o ficheiro de texto da memoria de tradución. O nome que vén predefinido é **WfMemory.Txt**, aínda que se pode mudar á hora de creala.

O Wordfast tamén funciona con ficheiros noutros formatos, como PowerPoint, Excel, Access, entre outros. Nos seguintes enderezos web explícanse os pasos que cómpre seguir para traballar con estes formatos:

- o http://www.1translation.net/Englishpages/wordfast.htm
- o http://www.sweb.cz/condak/manual/528607012.html

Nogueira (2005) elaborou unha guía rápida, de libre distribución, para traballar co Wordfast. Esta guía está dispoñible, en formato PDF e comprimido, en http://www.anahermida.com/wordfast.zip.

Alén dos anteriores manuais abreviados, así como do manual dispoñible en http://www.leeds.ac.uk/acom/teaching/mlc/handouts/lecture6_handout.pdf, recoméndase vivamente a consulta do manual oficial —dispoñible en varias linguas en http://www.wordfast.net/index.php?whichpage=manuals— e a visita á *Wordfast Knowledge Base*, un centro de coñecemento sobre o Wordfast, no cal se pode pescudar acerca de como realizar diversas funcións ou tarefas nesta memoria de tradución. A *Wordfast Knowledge Base* está dispoñible en http://www.wordfast.net/index.php?whichpage=knowledge&lang=engb.

9. RECUPERACIÓN DE INFORMACIÓN

Con tanta información que, moitas veces, se vai gardando no disco ríxido, a miúdo é difícil atopala. Velaquí figuran varias aplicacións para recuperar información:

9.1. Windows

No Windows 2000, ir a **Inicio > Buscar > Arquivos y carpetas** e encher o campo **Con el texto** co texto que se desexa procurar no contido dos ficheiros que están no disco ríxido. Se se preme no menú despregable de **Buscar en:**, pódese acoutar a pescuda aos cartafoles (con ou sen subcartafoles) que se seleccionen.

No Windows XP en galego, ir a **Inicio > Busca > Todos os ficheiros ou cartafoles** e encher o campo **A totalidade ou parte do nome do ficheiro** co texto que se desexa procurar no contido dos ficheiros ou cartafoles que están no disco ríxido.

9.2. Total Commander

É a nova versión do Windows Commander. É un programa *shareware* que está dispoñible en http://www.ghisler.com/

9.3. InfoRapid Search & Replace

É un programa que permite buscar ou substituír un texto determinado dun ou varios documentos á vez do disco ríxido. É gratuíto e só ten versión en inglés. Dispoñible en http://www.inforapid.com/html/english.htm

Á parte deste programa, cabe destacar a existencia, en http://www.accurapid.com/journal/15msw.htm, dun artigo de Környei (2001) sobre a función avanzada de buscar e substituír do Word, xa comentado en §2.7.

10. OUTRAS FERRAMENTAS PARA A TRADUCIÓN

Neste apartado indícanse algunhas utilidades para a tradución. Existen moitas máis pero, debido á limitación deste traballo, aquí só se indican algunhas delas. De calquera forma, poden encontrarse moitas máis en Diaz Fouces (2004*a*:167), Diaz Fouces (2004*b*), en XLATIO-Portal (http://www.xlatio.de/, no apartado «Software»), páxina web parcialmente escrita en alemán cunha manchea de ligazóns a programas en torno á tradución, e en Tools Garage (http://www.lai.com/tg.html).

A esmagadora maioría dos programas útiles para tradutores só admiten o sistema operativo Windows. No entanto, existen algunhas utilidades para a tradución que tamén aceptan Macintosh (véxanse §8.4.4, §8.4.8, §8.4.14 e §10.1) e Linux (véxanse §8.4.8, §8.4.11, §8.4.14 e §8.4.17). Poden atoparse nas seguintes páxinas web e roldas:

- o Linux for translators: http://www.linuxfortranslators.org/linux/linux.html
- MacLingua [Mac para tradutores]: http://groups.yahoo.com/group/MacLingua/
- Rolda Linux for translators: http://groups.yahoo.com/group/linuxfortranslators/

10.1. CatsCradle

CatsCradle é un programa gratuíto que permite traducir páxinas web sen modificar as etiquetas do código HTML, entre outras moitas funcións. É compatible co Windows 2000, Windows XP e Macintosh. Está dispoñible en http://www.stormdance.net/software/catscradle/overview.htm

10.2. WebBudget

Trátase dun programa que permite traducir páxinas web sen modificar as etiquetas do código HTML. Custa, normalmente, 395 € aprox. e existe unha versión demo válida durante 15 días. Unha vez rexistrado o programa, as súas actualizacións son gratuítas. Está dispoñible en http://www.webbudget.com/

10.3. Across

Programa que funciona de xeito independente. O tradutor ten na pantalla a estrutura do formato do texto orixinal, o texto que ten que traducir sen formato, o texto traducido, a memoria de tradución e o dicionario ou glosario. Unha vez rematada a tradución, o programa encárgase de darlle formato ao texto traducido e deixalo co mesmo formato có orixinal. Ten unha versión individual e outra versión de grupo. Este programa pódese baixar dende http://www.across.net/en/index.html

10.4. Olifant

É un editor de memorias de tradución. Permite abrir memorias de tradución en diferentes formatos e engadir, borrar e modificar unidades de tradución, entre outras funcións.

Está dispoñible en http://www.translate.com/technology/tools/Olifant.html

	íMemory.	.Txt - ()lifant [Beta]			X			
Eile Edit View Utilities Help									
11 🖻	🎦 🖙 🖬 🛃 27 🤲 🍣 🐨 🍸 🏥 21 🚝 👉 🍡 🖹 📿								
Raink	Rainbow 4 is composed of three distinct parts.								
Raink	Rainbow 4 est composé de trois différentes parties.								
				-		V			
Chang			- 0./27/2004 2:25.50 3	u		_			
Junany	jebale		• 9/2//2004 2:35:59 A	11					
	Key	Flag ID	Source (EN-US)		Target (FR-FR)				
•	1		Rainbow 4 is composed of	three di	Rainbow 4 est composé de trois di				
	2		The first one is the Rainbow	v execu	La première est l'exécutable Rainb				
	2		The first one is the Rainbow It provides a common interf	vexecu ace to i	La première est l'exécutable Rainb Il offre une interface commune pou				
	2 3 4	□ ▼ □	The first one is the Rainbov It provides a common interf The second part is the Rain	vexecu ace to i nbow Ut	La première est l'exécutable Rainb Il offre une interface commune pou La deuxième partie est le Rainbow				
	2 3 4 5	- - -	The first one is the Rainbov It provides a common interf The second part is the Rain It provides a collection of b	vexecu acetoi nbowUt asicfun	La première est l'exécutable Rainb Il offre une interface commune pou La deuxième partie est le Rainbow Il offre une collection de fonctions				
	2 3 4 5 6	र र र र	The first one is the Rainbow It provides a common interf The second part is the Rain It provides a collection of b The third part is the Rainbo	vexecu acetoi abowUt asicfun wFilter	La première est l'exécutable Rainb Il offre une interface commune pou La deuxième partie est le Rainbow Il offre une collection de fonctions La troisième partie est le Rainbow				
	2 3 4 5 6 7		The first one is the Rainbox It provides a common interf The second part is the Rain It provides a collection of b The third part is the Rainboc Title of the test page	vexecu acetoi nbowUt asicfun wFilter	La première est l'exécutable Rainb Il offre une interface commune pou La deuxième partie est le Rainbow Il offre une collection de fonctions La troisième partie est le Rainbow Title of the test page				
	2 3 4 5 6 7 8		The first one is the Rainbox It provides a common interf The second part is the Rain It provides a collection of b The third part is the Rainbo Title of the test page cph%kamptk(x/ph) Test P.	vexecu acetoi hoowUt asicfun wFilter age	La première est l'exécutable Rainb Il offre une interface commune pou La deuxième partie est le Rainbow Il offre une collection de fonctions La troisième partie est le Rainbow Title of the test page cphb & amptA;				
	2 3 4 5 6 7 8 8 9		The first one is the Rainbox It provides a common interf The second part is the Rain It provides a collection of b The third part is the Rainbo Title of the test page (ahv)&/A(x/ph) Test P. Headino 2	v execu ace to i nbow Ut asic fun w Filter age	La première est l'exécutable Rainb Il offre une interface commune pou La deuxième partie est le Rainbow Il offre une collection de fonctions La troisième partie est le Rainbow Title of the test page <ph>%amptA;</ph> Test Page Hearting 2	-			

Figura 53: Interface do Olifant

10.5. Xbench

Trátase dun programa para xestionar glosarios. Funciona en Windows, é gratuíto e está dispoñible en http://www.apsic.com/.

10.6. Localización de software

En http://www.transref.org/default.asp?docsrc=/main.asp?MID=1024, TransRef (*The Translation Reference Center*) pon a disposición do visitante unha manchea de ligazóns a programas de localización de *software*. Así mesmo, en http://www.theverybestofstuff.de/localization/localizationlinks.htm tamén se pode encontrar unha lista de utilidades para a tradución en xeral, incluída a localización de *software*.

Alén das anteriores ligazóns, as seguintes tamén son de interese para a localización de programas informáticos:

- o LISA (Localization Industry Standards Association): http://www.lisa.org/
- Globalization.com (portal de globalización, internacionalización e tradución; en inglés): http://www.globalization.com/

11. CONCLUSIÓN

Actualmente existen profesións que se teñen que exercer coa axuda da Informática e a Internet, e as de asesor lingüístico e tradutor son dúas delas (cantos tradutores traducen a man actualmente?). Por isto, é necesario que os asesores lingüísticos e os tradutores coñezan as utilidades que poden empregar no seu traballo para produciren máis traducións e de mellor calidade no menor tempo posible.

Con este traballo, espérase ofrecer unha visión global dos diferentes recursos dispoñibles na Internet cos que poden contar os asesores lingüísticos e os tradutores que traballan coa lingua galega, só por teren acceso á Internet, alén de describir numerosas utilidades e opcións avanzadas de programas xa coñecidos que poden axudalos e axilizar o seu traballo para non perderen competitividade. Deste xeito, procúrase incentivar a xente interesada a que os visiten e que lles tiren o máximo proveito.

12. BIBLIOGRAFÍA

- AGUILAR-AMAT, A. e PIQUÉ, R. (1999): «La informática y el proceso de la traducción», en Argüeso González, A. (coord.). *Traducción, interpretación, lenguaje.* Fundación Actilibre, Madrid, pp. 141-143.
- ÁLVAREZ LÓPEZ, A. (2002): Los programas de traducción asistida basados en memorias de traducción. Traballo de fin de carreira da licenciatura en tradución e interpretación da Universidade de Vigo. Sinatura: Depósito FFT M 2001/2002 41.
- DIAZ FOUCES, O. (2004*a*): «Novas ferramentas para (ensinar a) traduzir», en Garrido, C. (org.). *Ferramentas para a traduçom*. Associaçom Galega da Língua, pp. 143-171.
- DIAZ FOUCES, O. (2004*b*): «A Localização de Páginas da Internet na Formação de Tradutores», na revista *Confluências*, nº 1, Lisboa. [Só en liña en http://www.confluencias.net/n1/fouces.html (formato HTML) e http://www.confluencias.net/n1/fouces.pdf (formato PDF)].
- FERNÁNDEZ AMIGO, D. S. (2001/2002): Traductores automáticos español/galego. Traballo de fin de carreira da licenciatura en tradución e interpretación da Universidade de Vigo. Sinatura: Depósito FFT M 2001/2002 53.
- GARCÍA, I. (2003): «Standard Bearers: TM brand profiles at Lantra-L» (2003), en *Translation Journal*, volume 7, nº 4, outubro 2003. [Só en liña en http://accurapid.com/journal/26tm.htm]
- GÓMEZ GUINOVART, X. & E. SACAU FONTENLA (2004): «Parallel corpora for the Galician language: building and processing of the CLUVI (Linguistic Corpus of the University of Vigo)». Proceedings of the 4th International Conference on Language Resources and Evaluation, LREC 2004, Lisboa (Portugal) [Consulta en liña] http://sli.uvigo.es/CLUVI/Irec2004.pdf.
- KÖRNYEI, T. (2001): «Using MS Word's Advanced Find and Replace Function», en *Translation Journal*, volume 5, nº 1, xaneiro 2001. [Só en liña en http://www.accurapid.com/journal/15msw.htm]
- MARTÍNEZ CALVO, M. L. (2001): «O ES-GA, o valor dun sistema de Traducción Automática nunha lingua minorizada», en Actas da VIII Conferencia Internacional de Linguas Minoritarias, Santiago de Compostela, pp. 171-174.
- NOGUEIRA, D. (2004*a*) «Translation Tools Today: A Personal View», artigo publicado na revista virtual de tradución *Translation Journal*: http://accurapid.com/journal/19tm.htm
- NOGUEIRA, D. (2004b) «10 razões para usar um programa de memória de tradução», mensagem publicada na rolda Trad-Prt o 14-03-2004, dispoñible en http://br.groups.yahoo.com/group/trad-prt/.
- NOGUEIRA, D. (2005) «Introdução ao Wordfast» (4ª edición), dispoñible en formato PDF e comprimido en http://www.anahermida.com/wordfast.zip.
- PRIOR, M. (----): «Linux for translators». [Só en liña en http://www.linuxfortranslators.org/linux/linux.html]
- RODRÍGUEZ RÍO, X. (2002): «A calidade nas tarefas de corrección», en Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, pp. 207-219.
- RODRÍGUEZ RÍO, X. (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- SÁNCHEZ-GIJÓN, P. (2001): «Catàleg de sistemes de memòries de traducció», na revista Tradumàtica, nº 0, UAB, Barcelona. [Só en liña en http://www.fti.uab.es/tradumatica/revista/num0/articles/psanchez/central.htm]
- SOANE FERNÁNDEZ, P. (2002/2003): *Traductores automáticos en línea*. Traballo de fin de carreira da licenciatura en tradución e interpretación da Universidade de Vigo. Sinatura: Depósito FFT M 2002/2003 37.

WEBB, LYNN E. (1998): Advantages and Disadvantages of Translation Memory: A Cost/Benefit Analysis (tese). Monterey: Monterey Institute of International Studies [Consultada en liña o 20/08/2005 en http://www.webbsnet.com/translation/thesis.html].